- Rede eléctrica subterránea de media tensión de 80 m de lonxitude, a 20 kV realizada en condutor R.H.Z.1. 12/20 kV de 3 (lx 150) mm² Al, para interconexión do aeroxenerador co centro de control.

Terceiro. Recoñecerlle a condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica regulado polo Real Decreto 661/2007, do 25 de maio polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, e incluíala no grupo b.2., subgrupo b.2.1., do artigo 2 do citado Real decreto.

A presente autorización axustarase ao cumprimento das seguintes condicións:

1. Consonte o disposto no artigo 26 do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, para os efectos de garantir o cumprimento das súas obrigas, o Concello de Arteixo deberá constituír, no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente autorización, unha fianza de 39.666,98 €. O citado importe é o 2% do orzamento do proxecto de execución do parque eólico que por esta resolución se aproba.

A dita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, e devolverase unha vez que se formalice a acta de posta en marcha das instalacións.

2. Consonte o disposto no artigo 4 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental, o órgano sustantivo outorgante da autorización deberá fixar a contía dos avais, por proposta do órgano ambiental. Unha vez recibida a proposta de aval, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas fixará o seu importe, debendo o titular desta autorización depositar o aval ambiental en fase de obras no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte ao da notificación.

A dita fianza que terá as características establecidas no artigo 2 do Decreto 445/1996 constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, e devolverase cando desaparezan as causas que motivaron a súa esixencia, unha vez depositado o importe correspondente ao aval de restauración en fase de desmantelamento que oportunamente se fixe, conforme co artigo 6 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro.

3. As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no modificado de proxecto do parque eólico singular, que configuran o modificado do proxecto de execución que por esta resolución se aproba, de acordo co punto segundo da parte dispositiva desta resolución, cun orzamento de 1.983.349 €.

4. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a previa autorización da Consellería de Economía e Industria. Porén, o Departamento Territorial da Coruña desta Consellería poderá

autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicarlle á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas todas as resolucións que dite en aplicación desta facultade.

5. O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de seis meses contados a partir da data de ocupación dos terreos.

Una vez construídas as instalacións autorizadas e con carácter previo á súa posta en marcha, a Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuados e verificará o cumprimento dos condicionados establecidos nesta resolución.

6. Con carácter previo á posta en marcha das instalacións, o órgano competente verificará o cumprimento das condicións que sexan de aplicación, pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

7. Como requisito necesario para a aplicación á citada instalación do réxime especial de produción de enerxía eléctrica, o promotor deberá inscribila no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xuño de 1995 (DOG do 14 de xullo), Togo da acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 12 do Real Decreto 661/2007, do 25 de maio.

8. A instalación adaptárase ao procedemento de captación e procesamento de datos de produción de enerxía eléctrica de Galicia regulamentado pola Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 23 de xaneiro de 2009 pola que se establece o procedemento para a captación e procesamento dos datos de produción enerxética das instalacións acollidas ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica na Comunidade autónoma de Galicia (DOG do 23 de febreiro de 2009).

9. O parque eólico singular que se autoriza deberá cumprir no seu momento cos requisitos que se recollan nos procedementos de operación aprobados polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que lle resulten de aplicación.

10. A efectividade desta resolución queda supeditada a que a empresa que explote o parque eólico singular en virtude de calquera modalidade contractual acredite o cumprimento dos requisitos de solvencia legal, técnica e económica esixibles aos titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica, segundo o establecido no artigo 121 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

11. A Administración resérvase o dereito de deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas nesta resolución ou por outra causa excepcional que o xustifique.

12. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, conforme ao establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2009

O conselleiro de Economía e Industria

P.D. (Orde do 30 de abril de 2009,

DOG nº 87, do 6 de maio)

O secretario xeral

José Riesgo Boluda

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Asunto: Publicación. Nº de expediente: IN407A 358/2009

Acordo do 2 de setembro de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Santiago de Compostela (Expediente IN407A 358/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo Social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 — A Coruña.

Denominación: Variante subterránea da L.M.T., D.C. Santiago II-Negreira en Piñeiro de Villestro.

Situación: concello de Santiago de Compostela.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV., cunha lonxitude de 2x0,252 km, coa orixe na L.M.T.S. D.C. Santiago II-Negreira en urbanización Sarela SUNP-7 en rúa Pintor Sucasas, condutor tipo RHZ1-12/20 kV 3(1x240) Al. e final na mesma liña recuada en expte.: 14/2003, en pista en lugar de Piñeiro de Villestro. Concello de Santiago de Compostela.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 2 de setembro de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Asunto: Publicación. Nº de expediente: IN407A 338/2009

Acordo do 2 de setembro de 2009 do Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica nos concellos de Oleiros e Sada (Expediente IN407A 338/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo Social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 — A Coruña.

Denominación: Recuamento L.M.T. Vía Ártabra (1ª e 2ª Fase).

Situación: concellos de Oleiros e Sada.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión aérea núa "SMC-704", entre apoios nº 2 e nº 5, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 0,167 km., coa orixe no apoio nº 2 proxectado da L.M.T. aérea SMC-704, tramo en derivada ao C.T. Las Torres, condutor tipo LA 56/54,6 mm², e final no apoio nº 5 existente da L.M.T. aérea SMC-704, tramo en derivada a C.T. Las Torres.

Liña eléctrica de media tensión aérea forrada dobre circuito "SAD-708" e "SAD-709", entre apoios nº 3 e nº 3/1, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 0,088 km., coa orixe en apoio nº 3 proxectado da L.M.T. SAD-708 en dobre circuito coa L.M.T. SAD-709, tramo entre a Subestación de Sada e a derivada ao C.T. Pousada, condutor tipo PAS-120/117 mm², e final en apoio nº 311 proxectado da L.M.T. SAD-708 en dobre circuito, tramo entre a subestación de Sada e a derivada a C.T. Pousada.

Liña eléctrica de media tensión aérea núa dobre circuito "SAD-706" e "SAD-707", entre apoios nº 4 e nº 6, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 0,194 km. (retensado condutor existente), coa orixe en apoio nº 4 existente da L.M.T. SAD-706 en dobre circuito coa L.M.T. SAD-707, tramo entre subestación de Sada e o C.T. Abelaira Dorneda, condutor tipo LA-110/116,2 mm² existente, e final no apoio nº 6 existente da L.M.T. SAD-706 en dobre circuito coa L.M.T. SAD-707, tramo entre subestación de Sada e o C.T. Abelaira Dorneda.

Liña eléctrica de media tensión aérea núa "SAD-704", entre apoios nº 32 e nº 32/1, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 0,051 km., coa orixe en apoio nº 32 existente da L.M.T. SAD-704, tramo entre a derivada ao C.T. Pereiroa e o C.T. Lorbe, condutor tipo LA-110/116,2 mm², e final no apoio nº 32/1 proxectado da L.M.T. SAD-704, tramo entre a derivada ao C.T. Pereiroa e o C.T. Lorbe.

Liña eléctrica de media tensión aérea núa "SAD-704", entre apoios nº 4 e nº 6, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 0,147 km. (retensado condutor existente), coa orixe no apoio nº 4 proxectado da L.M.T. SAD-704, tramo en deriva ao C.T. Lorbe Puerto, condutor tipo LA-56/54,6 mm² existente, e final en apoio nº 6 existente da L.M.T. SAD-704, tramo en derivada ao C.T. Lorbe Puerto.

Liña de media tensión subterránea "SAD-704", entre o C.T. Tornos Anfora Azul e a derivada ao C.T. Carnoedo Aéreo, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 0,178 km., coa orixe en empalmes a realizar na L.M.T. SAD-704, tramo entre o C.T. Tornos Anfora Azul e a derivada ao C.T. Carnoedo Aéreo, condutor tipo RHZ1-201-12/20 kV.-3(1x240) Al, e final en empalmes a realizar na L.M.T. SAD-704, tramo entre o C.T. Tornos Anfora Azul e a derivada ao C.T. Carnoedo Aéreo. Concellos de Oleiros e Sada.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 2 de setembro de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Asunto: publicación. Nº de expediente: IN407A 360/2009

Acordo do 2 de setembro de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Carballo (Expediente IN407A 360/2009).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo Social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 — A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C., Avda. Fisterra, nº 114.

Situación: concello de Carballo.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,148 km, coa orixe no paso aéreo-subterráneo proxectado en fachada do C.T. Casilla e final no C.T. Avda. Fisterra, nº114 proxectado, condutor tipo RHZ1-201-12/20 kV 3(1 x240) Al.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA. e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Carballo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 2 de setembro de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Publicación resolución. N° de expediente: IN407A 206/2009

Resolución do 31 de agosto de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica nos concellos de Culleredo e Cambre (expediente IN407A 206/2009).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 — A Coruña.

Denominación: recuamento L.M.T. cruce río Mero — A Barcala

Situación: concellos de Culleredo e Cambre.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 277 m., coa orixe nos empalmes proxectados na L.M.T.S. SMC-721, en arqueta a pe do apoio n° 1 a retirar da L.M.T. cruce provisional río Mero e final na cela de liña en C.S. Jesús Babío, en condutor tipo RHZ1-0L-3(1x240) mm².

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15/20 kV., cunha lonxitude de 275 m., coa orixe nos empalmes proxectados na L.M.T.S. SMC-722, en arqueta a pe do apoio n° 1 a retirar da L.M.T. cruce provisional río Mero e final en empalmes proxectados da L.M.T.S. SMC-722, en condutor tipo RHZ1 -0L-3(1 x240) mm². Concellos de Culleredo e Cambre.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n° 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n° 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 31 de agosto de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Publicación resolución. N° de expediente: IN407A 220/2009

Resolución do 31 de agosto de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello Arteixo. (expediente IN407A 220/2009).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 —A Coruña. I

Denominación: L.M.T.S. avda. de Pastoriza —Platas Varela.

Situación: concello de Arteixo.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15 kV., cunha lonxitude de 843 m., coa orixe na L.M.T.S. a C.T. Carballo (expediente 3/2007) e final no C.T. Manuel Platas Varela 215 (expediente 87/02), en condutor tipo RHZ1-01- (3x1 x240 mm²).

Cambio de condutor na liña subterránea de media tensión a 15 kV, cunha lonxitude de 180 m, coa orixe no C.T. Galán (expediente 221/02), a condutor RHZ1-01- (3x1x240 mm²). Concello de Arteixo.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n° 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n° 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 31 de agosto de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Publicación resolución. Nº de expediente: IN407A 220/2008

Resolución do 31 de agosto de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello Ribeira (expediente IN407A 220/2008).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: recuamento C.T. Caixa de Aforros.

Situación: concello de Ribeira.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea (L.M.T.S.) a 20 kV, cunha lonxitude de 0.013 km coa orixe na L.M.T.S. a C.T. Caixa de Aforros a recuar (expediente 29.652), con condutor tipo RHZ1-OI 12/20 kV 3 (1x240) mm² Al e final na mesma liña unha vez entre e saia do novo Centro de transformación (C.T.) proxectado.

C.T. prefabricado, composto por dous transformadores, de potencia nominal 1000 kVA e 400 kVA, ambos con relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Ribeira.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 31 de agosto de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Publicación resolución. N° de expediente: IN407A 222/2009

Resolución do 31 de agosto de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello Arteixo (expediente IN407A 222/2009).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 —A Coruña.

Denominación: Nova saída 15 kV subestación Sabón — C.R. Baiuca

Situación: concello de Arteixo.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15 kV., cunha lonxitude de 4.120 m., coa orixe na subestación de Sabón e final no C.R. Baiuca, en condutor tipo RHZ1-0L (3x1x240 mm²). Concello de Arteixo.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n° 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n° 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 31 de agosto de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Publicación resolución. Nº de expediente: IN407A 283/2009

Resolución do 31 de agosto de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello Brión (expediente IN407A 283/2009).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

y Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 — A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. Lamiño-Pedrouzos, s/n.

Situación: concello de Brión.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 20 kV., cunha lonxitude de 257 m., coa orixe na L.M.T.S. Pedrouzos-Santa Minia, condutor tipo RHZ1 12/20 kV -3(1x240) Al, e final na mesma liña unha vez entre e saía do C.T. proxectado.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 160 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Brión.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 31 de agosto de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial da Coruña

Publicación resolución. Nº de expediente: IN407A 243/2009

Resolución do 31 de agosto de 2009 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Corcubión (expediente IN407A 243/2009).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación que a continuación se cita:

Solicitante: Electra del Jallas, S.A.

Enderezo Social: Pza. de Constitución, 17, 15270 — Cee (A Coruña)

Denominación: L.M.T.S., C.T. urbanización Quenxe, nº 2.

Situación: concello de Corcubión.

Características Técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 16 m, coa orixe na L.M.T.S. ao C.T. río Quenxe, en condutor tipo RHZ1 12/20 kV 3(1x240) mm² Al, e final no C.T. proxectado.

Centro de transformación, cunha potencia de 400 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230. Concello de Corcubión.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 31 de agosto de 2009

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Normativa

ANUNCIO

Logo de que foi aprobado inicialmente, por acordo do Pleno adoptado en sesión de data 20 de agosto, o REGULAMENTO MUNICIPAL REGULADOR DA POSESIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E DE ANIMAIS SALVAXES EN CATIVIDADE, DA LICENZA PARA A POSESIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS E DO SEU REXISTRO, ós efectos do previsto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ábrese un período de información pública polo prazo de 30 días. Dito prazo contarase a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría Xeral do Concello de Bergondo e formular as reclamacións e suxerencias que crean oportunas.

Dáse igualmente, polo mesmo prazo, audiencia ós/ás interesados/as para que poidan presentar reclamacións e suxerencias.

De non producirse estas alegacións, o regulamento considerárase aprobado definitivamente.

Bergondo, 2 de setembro de 2009.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Baixas por caducidade no padrón de habitantes

ANUNCIO

Mediante resolución da Alcaldía de data 21 de xullo de 2009, acordouse a declaración de caducidade e a baixa no padrón de habitantes dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente relacionados a continuación, de acordo co establecido na Lei orgánica 14/2003 do 20 de novembro, de reforma, entre outras, da Lei orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Nome	Documento identidade
Beltrán Peña, Joanna Andrea	X-7738025-C
Caridade Helena Solida Almeida	327015
Tubio Fernández, Nilda	01822151-E

Resultando fallido o intento de notificación persoal publícase este anuncio para dar por notificada a resolución ás persoas indicadas.

Boiro, 14 de setembro de 2009.

O alcalde

Asdo. Xosé Deira Triñanes

2009/13718

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Edicto

Notificación conforme o art. 59.5 da lei 30/92 por non poder practicarse notificación do decreto de reposición de legalidade de obras no lugar de Rubial, parroquia de Bastavales, promovidas por D. Juan Valiña Espasandín.

Conforme o disposto no artigo 59.5 da lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise pública a notificación de inicio de expediente de reposición de legalidade, ditada pola Alcaldía do Concello de Brión mediante decreto de data 13 de setembro de 2009:

Vista a denuncia presentada por don Manuel Arufe Monteagudo, así como o informe do Arquitecto Municipal no que se fai constar que por D. Juan Valiña Espasandín estanse a executar obras consistentes na construción dun caseto duns 25 m² na traseira da súa finca sita no lugar de Rubial, parroquia de Bastavales; obras que non son legalizables e carecen da perceptiva licenza municipal, polo que cómpre iniciar o correspondente expediente de reposición da legalidade.

De conformidade co informe de Secretaría e o informe do Arquitecto Municipal de data 8 de abril de 2009; en virtude das facultades que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, e o artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Incoar expediente para a reposición da legalidade, respecto das actuacións ilegais consistentes na construción dun caseto duns 25 m² na traseira da finca propiedade de D. Juan Valiña Espasandín, sita no lugar de Rubial, parroquia de Bastavales; obras que non son legalizables e carecen da perceptiva licenza municipal, conforme o disposto no artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural.

Segundo.- Ordenar suspensión inmediata das obras que se están executando por D. Juan Valiña Espasandín no lugar de Rubial, parroquia de Bastavales.

Terceiro.- Adoptalas seguintes medidas cautelares:

– Ondear a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e a maquinaria afecta á mesma.

Cuarta.- Notificar os interesados para que poidan examinar o expediente e presentar alegacións outorgando un prazo de dez días.

Asemade dar audiencia aos interesados para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

Brión, 17 de setembro de 2009

O alcalde

José Luís García García

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Edicto

O Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 9 de setembro de 2009, adoptou inicialmente o seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar provisionalmente a delegación na Deputación Provincial de A Coruña as competencias necesarias para a recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, incluíndo a colaboración previa cos Concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións e consonte co sinalado nas bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da Provincia.

Segundo.- Aceptar as bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da Provincia en relación coa Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, incluíndo a colaboración previa cos Concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que cometera as infraccións, punto añadido por acordo do Pleno da Corporación de 28 de xuño de 2002.

Terceiro.- Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un prazo mínimo de 30 días hábiles, para xeral coñecemento e presentación de alegacións. De non presentarse alegacións o acordo entenderase aprobado definitivamente; se se presentaran, o Pleno resolverá as mesmas.

Brión a 17 de setembro de 2009

O Alcalde

José Luis García García

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Edicto

O Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 9 de setembro de 2009, adoptou inicialmente o seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar provisionalmente a delegación na Deputación Provincial de A Coruña as competencias necesarias para a instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, con adhesión particular e expresa do Concello ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobada pola Deputación Provincial na sesión plenaria do 26 de xuño de 2009.

Segundo.- Aceptar as bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Terceiro.- Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un prazo mínimo de 30 días hábiles, para xeral coñecemento e presentación de alegacións. De non presentarse alegacións o acordo entenderase aprobado definitivamente; se se presentaran, o Pleno resolverá as mesmas.

Brión a 17 de setembro de 2009

O Alcalde

José Luis García García

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Edicto relativo á rectificación de erros no PXOM

EDICTO

O Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 9 de setembro de 2009, adoptou o seguinte acordo:

1.- Rectificación dos erros materiais producidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Brión que afecta a grafía dos planos :

Núcleo de Brans de Abaixo. Plano nº 2 , folia nº 94-65/ 94-75.

Núcleo de O Enxo. Plano nº 2, folia nº 94-65/ 94-75.

Núcleo de Beca-Xinzo. Plano nº 2, folia nº 94-86/ 120-16.

Núcleo de Reboredo Grande. Plano nº 2, folia nº 120-15/ 120-25.

Núcleo de Bastavaliños. Plano nº 2, folia nº 120-15/ 120-25.

Núcleo de Gronzo. Plano nº 2, folia nº 94-74.

Núcleo de Estar e o Rial. Plano nº 2, folia nº 94-85.

2.- Publicar o texto íntegro do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, así como o correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

3.- Remitir dous exemplares do expediente completo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Política Territorial para a súa constancia.

Brión a 17 de setembro de 2009

O Alcalde

José Luis García García

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Edicto relativo á aprobación definitiva da ordenanza fiscal nº 17-T, reguladora da taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais.

EDICTO

Ó non terse presentado durante o período de exposición ó público reclamacións contra o acordo plenario de data 22 de xullo de 2009, polo que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 17-T, reguladora da taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais, enténdese automaticamente elevado a definitivo o citado acordo, polo que en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da modificación da ordenanza xa existente, que quedará redactada do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL Nº 17-T

REGULADORA DA TAXA POR SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR E OUTRAS PRESTACIÓNS SOCIAIS

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

Ó amparo do previsto nos artigos 57 e 20, apartados 1, 2 e 4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do citado texto legal, este Concello establece a “taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal polo citado TRLRFL.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo público que presta axuda a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador a individuos e familias no seu domicilio cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, por motivos de carácter psíquico, físico ou social, para realiza-las tarefas esenciais da vida diaria, manténdoos no fogar e integrándoos no seu entorno natural mellorando a súa calidade de vida, de acordo coa Lei galega de servizos sociais 4/1993, de 14 de abril e a Orden do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda ó fogar.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que constitúen o feito inpoñible da taxa, salvo naqueles suxeitos que carezan de capacidade de obrar, en tal caso o serán aqueles que exerzan a patria potestade ou a tutela.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte ó procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Beneficios fiscais.

Na prestación do servizo de axuda no fogar, a regra xeral é que non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por este servizo.

No obstante prevéase a aplicación de bonificacións nos seguintes casos:

- Aqueles nos que a problemática principal atendida sexa a desestructuración familiar ou se procure a integración e protección de menores en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente, da que deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

- Do mesmo xeito, poderán descontarse da cantidade obtida como “capacidade económica” e mediante resolución motivada, aqueles gastos destinados á compra ou aluguer da vivenda habitual (sempre que coincida coa vivenda na que se presta o servizo), así como os destinados ao pagamento privado de coidador habitual, cando a persoa careza doutros medios de apoio persoal

Artigo 6º. Cota tributaria.

1. A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

- Tense estipulado para 2009 o prezo por hora de servizo en 11'00 € en días normais, e 12'00 € durante as fins de semana e festivos:

Índice de referencia	Marxes de ingresos mes	% aportación	Tarifa Ordinaria/hora
0-100% IPREM	0-527'24 €	0 %	0,00 €/hora
+101-300% IPREM	527'25-1.581'72 €	20 %	2,20 €/hora
+301-350% IPREM	1.581'73-1.845'34 €	35 %	3,85 €/hora
+350-400% IPREM	1.845'35-2.108'96 €	45 %	4,95 €/hora
+400-450% IPREM	2.108'97-2.372'58 €	55 %	6,05€/hora
+450-500% IPREM	2.352'59-2.636'20 €	60 %	6,60 €/hora
+500% IPREM	+ 2.636'20	65 %	7,15 €/hora

- As liquidacións de prezos practicaranse por meses naturais, aboándose cada mensuralidade nos 5 primeiros días naturais do mes. O abono efectuarase mediante cargo na conta corrente ou cartilla de aforros do solicitante
- O Concello de Brión revisará anualmente os prezos base do servizo, e adaptará as porcentaxes correspondentes ás aportacións das persoas usuarias segundo as modificacións que poideran emanar dos órganos autonómicos correspondentes. En ambos casos, de darse modificacións, comunicárase por escrito ás persoas usuarias.

Artigo 7º. Normas de Xestión.

A) Para os efectos de pago de taxas pola utilización do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, teranse en conta a capacidade económica da persoa usuaria que se determinará do seguinte xeito:

- Capacidade en función da renda = renda da persoa usuaria + renda do cónxuxe ou parella de feito / membros computables da unidade de convivencia
- Capacidade en función do patrimonio = 5% do valor do patrimonio neto da persoa usuaria que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor, para persoas maiores de 65 anos; 3% para persoas de entre 35 e 65 anos; 1% para menores de 35 anos.
- Capacidade económica = capacidade en función da renda + capacidade en función do patrimonio.
- Considérase “persoa usuaria” a aquela para a que se solicita o servizo. Podendo darse o caso de máis dunha persoa usuaria nun mesmo domicilio, o técnico responsable valorará a idoneidade de prestación dun servizo único ou de servizos individualizados no mesmo domicilio. No caso de intervención de tipo familiar, considerarase “persoa usuaria” a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsable dos menores que formen parte dela.

B) A estes efectos considéranse membros computables da unidade de convivencia os seguintes: a persoa usuaria; o seu cónxuxe ou parella de feito; os ascendentes, descendentes menores de 25 anos ou maiores con discapacidade, que sexan economicamente dependentes da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito.

- A estes efectos, enténdese como unha persoa dependente economicamente aquela con ingresos inferiores ao importe da PNC íntegra x 12 mensuralidades, e persoa con discapacidade, aquela que ten recoñecida unha minusvalía mínima dun 65% ou valoración de dependencia

C) Enténdese por rendas computables: os ingresos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social calquera que sexa o seu réxime, os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, os rendementos de actividades económicas e as ganacias e perdas patrimoniais.

D) Para o cómputo da renda ou patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á derradeira declaración fiscal disponible ou derradeira pensión coñecida.

E) Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal, o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considérase exento do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre imposto do patrimonio. Nos suposto de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa beneficiaria.

F) O Concello de Brión revisará anualmente de oficio a capacidade económica das persoas usuarias, comunicando razoadamente as modificacións ás que esta revisión dera lugar.

G) Establécese como prezo inicial do servizo ós efectos de cobro de taxas para 2009, o de 11'00 euros/hora de luns a venres de 8:00 a 20:00 horas en días laborais e que se denominará taxa ordinaria, e de 12'00 euros/hora o resto dos días e horas que se denominará taxa extraordinaria, revisables anualmente.

Artigo 8º. Devengo e período impositivo.

A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo, por meses naturais.

Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso.

A taxa liquidarase por meses naturais, debéndose proceder ó seu ingreso nos primeiros 5 días naturais do mes , mediante domiciliación bancaria que será obrigatoria.

Artigo 10º. Notificacións das taxas.

A notificación da débeda tributaria realizarase ó suxeito pasivo, no momento en que se concede a prestación social solicitada.

Artigo 11º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Diposición Adicional Única

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Derrogatoria única

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal nº 17-T, reguladora da taxa por servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais, publicada definitivamente no BOP nº 225 de 29/09/2008.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local comenza a aplicarse a partir do día 1 de outubro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

No caso de modificacións parciais, os artigos non modificados continuarán vixentes.

Brión, 14 de setembro de 2009.

O ALCALDE,

Asdo. José Luis García García.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Edicto licenza actividade

EDICTO

Solicitada neste Concello por Telefónica Móviles España S.A., (CIF: A78923125) licenza de actividade para a instalación (traslado) dunha antena de telefonía móvil a emprazar en Balado, polígono 36, parcela 778 (na paraxe coñecida como Senra de Arriba), parroquia de Os Anxeles, Brión.

En cumprimento co artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, procédese a abrir período de información pública por termo de vinte días dende a inserción do presente anuncio no DOGA, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para que, quen se vexa afectado de algún xeito pola dita actividade, presente as observacións que considere pertinentes.

0413642	DOS ANJOS		MARIO
0417444	MACHADO	SAMPAIO	MARIA ALICE
0424066	SIEVERT		NORA
0424579	FERNANDES	BARROS	ALZIRA DA CONCEICA
0425767	MARTINS	CARREIRA	HUGO MIGUEL
0432299	HESS		JACQUELINE
0433432	NETO	LOPEZ	ANTONIO
0434631	ARNOLD		ARNE
0434774	CANOVAS		FERNANDO
0438966	AMOROSO		RENATO
0441275	RUTTER		EUGENE
0442478	MICHEL		RICHARD
0444985	MARIA		ADELAIDE
0448139	PETKOVA		MARIYA CPACOB
0448820	NUNES LOPES	TAVARES	CARLOS JORGE
0449170	SANTOS	TRINDADE	JOSE LUIS
0449318	KELLY		LORRAINE EILEEN
0449545	LAURENCENA		MARTIN LEANDRO
0449876	MARTINEZ	BUTRON	ISABEL
0450023	LUTZER		ANDRES
GT00000696	DEUTSCH		HORST DIETER
GT00000749	CASPANI		OMAR ESTEBAN
GT00000750	LOPEZ	MASSOL	JEANNE CAATHERINE LE
GT00001139	KARL		ANDREAS
GT00002193	CLERMONT		JULIEN
GT00003024	MANETA	CHAREPE	MARCO ANTONIO
GT00003142	MASSOL		PIERRETTE MARIE LOUI

N.I.A.	1º Apellido	2º Apellido	Nombre
GT00003389	LEGUILLIER		SYLVIE
GT00004692	BELCHIOR	DUARTE	JOAO FERNANDO
GT00004788	PIRES	MORDIDO	CLAUDIA
GT00005427	SCARAMUZZA	VALDEZ	FABIO
GT00005825	DE BRITO	FERREIRA	PAULO JORGE
GT00006391	BARRETT		EOIN GEORGE
GT00006798	CROMPTON		MELANIE
GT00007350	GUSTAFSSON		DANIEL
GT00008493	PAPAN		GABRIEL
GT00009104	VENTEL		PETRU
GT00009105	VENTEL		VIORICA
GT00009106	VENTEL		MARIUS
GT00009107	VENTEL		CODRUT
GT00009109	BOLDIJAZ		ANGELA MARIA
GT00009110	MARIAN		ANA
GT00009554	ROMERO		CESAR MIGUEL
GT00009615	VANDENBROUCQUE		JACQUES
GT00009616	CARNIZIO	VANDENBROUCQUE	ISABELLE
GT00010347	MCINTOSH		MATILDA MARY EMILY
GT00010764	VIGOUROUX	SOSA	ELISE ESTHER
GT00010824	MAYRBRUGGER		MICHAEL
GT00011688	CLAVILIER		VALERIE
GT00012078	MCKIRDY		HUGH CAMPBELL
GT00012264	TEIXEIRA	ALMEIDA	RUI ARMANDO
GT00012655	RAYKOV		DIMITAR ZHEKOV
GT00012656	DAS NEVES	SILVA	RUI MANUEL
GT00013992	VLADU		GEORGIANA
GT00014061	HURLEY		THOMAS FERGUS
GT00014229	O'DOHERTY		COLM MEENAN
GT00014249	MORI		RAQUEL
GT00014333	ANJOS	DO NASCIMENTO	JOSE MARIA
GT00014492	VILORIA	NAVA	MICHAEL RAYMOND
GT00015958	WAGNER		LENNY
GT00015984	MC CREARY		CIARAN
GT00016357	VILCEANU		OVIDIU MARIAN
GT00016423	CHICHERY		MELKI
GT00016786	CAMPOS	ROCHA	MARCELO
GT00017167	DE BRITO	NUNES	JOSE FRANKIE
GT00017378	HAMERSKI		LUKASZ
GT00017577	QUEIROS	MATOS	PEDRO MANUEL
GT00017629	DOS SANTOS	VASCONCELOS	MARIA MERCEDES
GT00017892	DOMINGOS	PEREIRA DE SA	ALBINO MANUEL
GT00017893	OLIVEIRA	REBELO	MANUEL ANTONIO
GT00017922	FUZUL	OREFICE	MARIA ESTHER
GT00017959	CURT		GHEORGHE
GT00017960	CURT		MARIA
GT00018096	KOSTOV		KOSTA PETROV
GT00018464	FLOREA		JAN SORIN
GT00018756	PEPPE		MAXIMILIANO JAVIER
GT00020209	NYKTERIDIS		NICOLAS TEODO
GT00020476	DI CIERI	CAMBON	SONIA CHRISTINE
GT00020575	MOREIRA	MONTEIRO	DAVID DE JESUS
GT00020892	KRZYMINSKA		MONIKA
GT00021019	GRABIANOWSKA		ANNA IRENA
GT00021450	DURKAN		JESSE HENRY THOMAS
GT00022090	SAUTTO		STEFANIA
GT00022484	GONÇALVES	AGOSTINHO	ALEXANDRE MANDELA
GT00022920	LYONS		AOILEANN JUDITH
GT00023245	ALBU		ANA MARIA
GT00023764	ROBERTO		BARBARA
GT00024027	TOYE		AIMEE ISOBEL
GT00024121	RIBEIRO	SOUSA	SONIA FILOMENA
GT00024320	REINA		ANA MARIA
GT00026951	TOSHEV		VLADIMIR NIKOLOV
GT00027659	LIMA	RAMOS	RUI MANUEL
GT00028134	DUMITRU		CORNEL
GT00028646	RINALDO		GRACIELA
GT00028647	SCARFO		LUCIANA ELIZABETH

N.I.A.	1º Apellido	2º Apellido	Nombre
GT00029104	RASULO		ROMINA
GT00029204	FERREIRA	GONÇALVES	MARIA DE LURDES
GT00029509	PAPEZ		SUZANA
GT00029652	VOYSEY		JONATHAN CHARLES
GT00029938	ALVES	DA CUNHA	JOSE
GT00030262	ROCHA	BORLIDO	LUIS FILIPE
GT00030272	ISAI		ADRIANA GABRIELA
GT00030273	PATRU		ELENA ANCA
GT00030654	BUISSERET		JEAN GEORGES
GT00031373	ILG		CAROLIN MEIKE
GT00031810	MAGALHAES	AMADEU	ARMANDO ANTONIO
GT00031913	PETZOV	PETZOV	BORISLAV
GT00031989	BRANDI		MIHAI
GT00031990	IBRAM		ERDIN
GT00032761	GORANOVA	NESHOVA	VICTORIYA
GT00032995	SANTONOCITO		VITTORIA
GT00033584	DE CARVALHO	TEIXEIRA	ANTONIO
GT00033585	DOS ANJOS	TEIXEIRA	BERNARDETE
GT00033588	DE CARVALHO	DAS DORES	MARIA ADELAIDE
GT00033914	RYCK		ANTONIO
GT00033924	CAVIALE		LUMBER GIOVANNI
GT00033961	FAGUNDES	DE CARVALHO	JOAO
GT00033976	BUTNARUS		ANISOARA
GT00034101	RYCK		ROSITSA HRISTOVA
GT00034356	CARVALHEIRO	FERNANDES	ANTONIO DE JESUS
GT00034428	OJEDA		HORACIO PABLO
GT00034623	LENZE		HELGA
GT00034629	FRUMUZACHE		DANIELA
GT00034902	RIBAS		JUAN PEDRO
GT00035010	SCHIARI		FILIPPO
GT00035173	MENDEZ	VILLALTA	CECILIA
GT00035280	VASILEVA		IVANKA BORISOVA
GT00035343	SAGAN		KATARZYNA
GT00035344	MIKOLAJSKA		EWA
GT00035522	JOITOIU		IOANA
GT00035625	VATTAMANY		AGNES
GT00035690	CARDOZO	CASTILLO	FERNANDO DANIEL
GT00035802	AARRAD		MINA
GT00035803	ZAULI		FILIPPO
GT00035849	NILSSON		MIKE
GT00035876	PASZKO		MARCIN
GT00035918	BIONDI		FABIAN ENRIQUE
GT00036358	PEAKE		CAROLINE
GT00036934	JOITOIU		ELENA CLAUDIA
GT00037582	CHENKOV		RADKO SPIRIDONOV
GT00037863	HODGMAN		JEANETTE MARION
GT00038496	MAYKA		ROBERT JANUSZ
GT00038926	MARCU		ALEXANDRU IULIAN
GT00038927	GOCIU		ADRIAN
GT00039297	WEST		MARK
GT00039344	O DUIBHIR		MANUS DONNCHA
GT00039976	ROVEDO		ELISABETH
GT00040116	VARG		PETER CYRILL HASSLUN
GT00040674	ARATO		DARIO JORGE
GT00041347	ANASTASOV		IVAN IVANOV
GT00041745	STOYKOVA	ZLATEVA	DARENA
GT00043571	PEREIRA	DA SILVA	AMERICO PAULO
GT00043572	VIEIRA	COENTRAO	ISABEL
GT00044226	FARAD	HARUM	MAHOMED
GT00044332	MONTI		JULIAN
GT00045813	DOUCERAIN		CLAIRE
GT00047448	ESTOYANOFF		JAVIER JONATHAN
GT00047681	WILLIAMS		ALANA JADE
GT00047682	BRENT		COLIN LOVELOCK
GT00047768	GUERRA DA SILVA	GAIO DA GRAÇA	DINA ISABEL
GT00047798	ANGELOV		VANYO IVANOV
GT00047899	STAN		DANIEL
GT00047935	MARTINI		MICHELE

N.I.A.	1º Apellido	2º Apellido	Nombre
GT00048035	DUMITRU		ELENA DANIELA
GT00048071	BUZAMET		AGNES GABRIELA
GT00049825	TOSCANO		CARLOS ALBERTO
GT00050278	DOS SANTOS	DIAS DA COSTA	PEDRO MANUEL
GT00050424	HAGHERLACHER		NASTASE
GT00050712	WOLFF		JEAN PHILIPPE EMMANU
GT00050713	FORNER	WOLFF	SANDIE SEVERINE
GT00050776	ENDERSZ		PETER
GT00050777	PERINI		DANIELE
GT00051131	MAIA	GOMES PINTO	ORLANDO FILIPE
GT00051223	DRAGHICI		LEONARD
GT00051403	GEND		JENNIFER CARINA
GT00051516	DOBRE		BOGDAN IOAN
GT00051518	DONEA		COSMIN NARCIS
GT00051519	BOUREANU		MIRCEA
GT00053075	MIRCEA		ANA MARIA
GT00053221	THOMSON		LINSEY MARGARET
GT00053381	BARROS	PEREIRA	DOMINGOS CARLOS
GT00053550	DA FONSECA	GOMES	ISABEL MARIA
GT00053750	NAPARU		MARINELA
GT00053751	NAPARU		PAUL
GT00053752	RUSU		ELENA CATALINA
GT00054041	LYUVENOV		ILYAN YULYANOV
GT00054369	RODRIGUEZ		CLAUDIO ROMAN
GT00054477	CHIRITA		CATALINA
GT00054597	CELEJEWSKI		RAFAL
GT00054756	KURC		MAGDALENA TERESA
GT00054905	GUERRA DA SILVA	GAIO	RUI ALBERTO
GT00055065	CZAJKA		ALEKSANDRA
GT00055090	PORAZINSKA		MONIKA KATARZYNA
GT00055091	MYSLIWIEC		TOMASZ DOMINIK
GT00055474	DESMARECAUX		SOPHIE ANNE HELENE
GT00056772	HASCHE		MARCEL
GT00056957	CORLATEANU		MAGDALENA
GT00057364	MAKRAKIS		GEORGIOS
GT00057672	IONESCU		CORINA
GT00057673	LAZARESCU		OANA DARIANA
GT00057674	PETRE		ION DUMITRU
GT00057675	TUTA		MAGDA IULIA FLORIDA
GT00058113	LUTZ		MICHAEL KARL PAUL
GT00058132	DURANTE		SILVIA
GT00058142	KRCMAR		MARTIN
GT00058641	DE OLIVEIRA	JACINTO	MARCO AURELIO
GT00058642	FIGUEIREDO	BATISTA	RUI JORGE
GT00058715	VERCHIANI		SIMONA
GT00058906	NEVES	BAPTISTA	RICARDO ANDRE
GT00058907	DOS SANTOS	MOREIRA	JOSE ANTONIO
GT00060314	MUSCA		MARIAN
GT00060448	JOLET		VANESSA DELPHINE
GT00060585	DURO	FERREIRA	JOAQUIM AUGUSTO
GT00060818	DA SILVA	MARTINS RODRIGUES	VITOR MANUEL
GT00062526	BORYLA		ANNA
GT00062527	SALEK		MAGDALENA EWELINA
GT00063113	MACHADO		MARIA MARGARIDA
GT00063119	CALAMIA		VALENTINA
GT00064939	MIHALACHE		VIOREL
GT00064940	MAMET		VIORICA
GT00064941	CURT		VICTORIA
GT00065009	MIHALACHE		LAURA
GT00065178	KARLSSON		MARIA MARGARETA

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LOUSAME

Bases da convocatoria pública para a concesión de subvencións municipais a asociacións sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de intereses xeral e sectorial para o ano 2009

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lousame, en sesión de data 31 de agosto de 2009, acordou efectuar a convocatoria pública e aprobar as bases para a concesión de subvencións municipais a asociacións sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial para o ano 2009, que se insiren a seguir:

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS SEN FINS DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL PARA O ANO 2009.

PRIMEIRO.— Créditos orzamentarios ós que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas.

No orzamento municipal para o exercicio 2009 existe consignación orzamentaria para a concesión deste tipo de subvencións con cargo as seguintes partidas:

Partida	Asociación	Contía total máxima €
4.489.03	De veciños	3.000,00
4.489.04	Culturais	2.800,00
4.489.05	Deportivas	5.400,00
4.489.06	Outras	2.300,00
4.489.07	Alleas ó Concello	2.394,25

SEGUNDO.— Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència e igualdade, para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal, ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.

En xeral, serán obxecto de subvención as actividades de tipo cultural, deportivo, ocio, etc, desenvoltas dentro do ámbito municipal e que fomenten valores democráticos, de diálogo e tolerancia.

Os gastos susceptibles de subvención serán os realizados entre xaneiro e decembro do ano 2009.

Non serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolvan fora do termo municipal, agás aquelas de carácter educativo, deportivo, cultural social ou asistencial.

Especificamente quedan excluídos os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

Ademais quedan excluídos os gastos derivados de:

- Consumo eléctrico, telefónico e similares.
- Comisións Festas para a celebración de Festas parroquiais.
- Comidas e similares, que non constitúan a actividade en si.
- Retencións do Imposto da Rente das Persoas Físicas (IRPF).

TERCEIRO.- Réxime xurídico aplicable

Os fins indicados no anterior apartado efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nas seguintes disposicións:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- Artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local.

- Artigo 40.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- Ordenanza reguladora da concesión de subvencións polo Concello de Lousame de 2004.

CUARTO.— Requisitos que deben cumprir os beneficiarios.

Poderán solicitar subvencións as entidades públicas ou privadas, que, cumprindo ó prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que reúnan ademais os seguintes requisitos:

4.1.- Estar dado de alta no Rexistro de Asociacións do Concello a 31 de decembro do ano anterior. Excepcionalmente eximirase de cumprir este requisito ás asociacións ou entidades que a xuízo do Concello desenvolvan labores de carácter educativo, deportivo, cultural social ou asistencial, e ás Comisións de Festas.

4.2. Carecer de ánimo de lucro.

4.3. Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención.

4.4. Encontrarse ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Lousame, e con calquera outra administración. Neste sentido deberá acreditar no momento da solicitude, que se encontra ó comente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións. Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectuar o pago da subvención. Tamén será válida a presentación mediante o propio modelo de solicitude (modelo 1), que inclúe unha declaración responsable do presidente da entidade.

4.5. De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Lousame.

Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais:

- As entidades que, en virtude das normativa vixente, teñan limitado ou suprimido ese dereito, e especificamente o recollido no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- As entidades que por resolución firme foran sancionadas polo incumprimento das condicións previstas na autorización precisa para o desenvolvemento da actividade.

- As entidades que perderan o dereito á obtención das subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.

QUINTO.- Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

- Aceptar a subvención, en caso contrario, deberán renunciar expresa e motivadamente á mesma, no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención.

- Realizar a actividade ou proxecto, ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención.

- Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas Bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos.

- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Lousame, así como calquera outras actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- Comunicar ó Concello de Lousame a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se corteza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

- Acreditar no momento da solicitude no Concello, que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións. Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectuar o pago da subvención. Tamén será válida a presentación mediante a propio modelo de solicitude (modelo 1), que inclúe unha declaración responsable do presidente da entidade.

- Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos que os mesmos están subvencionados polo Concello de Lousame.

- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o exercicio de comprobación e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións e control.

- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos polo artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- En xeral cumprir coas obrigas enumeradas no artigo 17 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Destas obrigacións responderán as asociacións solicitantes a través dos seus representantes legais, que serán os que firmen a solicitude. Se houberse cambios en dita representación, deberán comunicarllo ó Concello de Lousame e subrogarse nas obrigacións indicadas nesta convocatoria.

SEXO.— Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes.

6.1. Documentación requirida:

As entidades interesadas en participar na presente convocatoria deberán entregar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello o os modelos normalizados para a presente convocatoria: 1, 2, 3, e 4 e fotocopia do D.N.I. da persoa que asina a solicitude (en caso de persoas xurídicas, será necesaria a acreditación do apoderamento do comparecente).

Se a solicitude non reunise tódolos datos de identificación da entidade solicitante ou de documentación administrativa obxecto da subvención solicitada, ou non se acompañase á mesma toda a documentación esixida nestas bases, requirirase á entidade solicitante para que subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, con apercibimento de que, se non o fixese, terase por desistida a súa petición, previa resolución (Art. 71, Lei 30/1992, de 26 de novembro, na redacción dada pola Lei 4/1999 e no artigo 23.5 da Lei 38/2003).

6.2. Lugar de presentación.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lousame, e na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

6.3. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

SÉTIMO.— Procedemento.

7.1.- O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes Bases axustaranse ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tramitarase en réxime de concorrencia competitiva mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha relación entre as mesmas de acordo cos criterios fixados nestas Bases reguladoras, e o órgano encargado do seu outorgamento será a Xunta de Goberno Local.

7.2.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado Contencioso - Administrativo.

7.3.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

7.4.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte hábil ó da notificación non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano concedente.

7.5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

7.6.- As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma finalidade sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o custo total da actividade. No caso de existir exceso de financiamento ou beneficio deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Lousame na cantidade que exceda do custo da actividade.

OITAVO.— Criterios de valoración e contía da subvención.

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) A continuidade, estabilidade e solvencia da Entidade solicitante no ámbito no que se desenvolva a actividade proposta.
- b) A dificultade acreditada pola Entidade solicitante para acudir a outros medios de financiamento, así como os medios económicos cos que conta a mesma.
- c) O número de persoas potencialmente beneficiarias.
- d) A viabilidade da actividade a desenvolver.
- e) Aquelas outras que, polas características da actuación, poida establecer o órgano resolutor.

NOVENO.- Notificación do acordo de resolución da Xunta de Goberno Local.

O acordo de resolución de concesión, adoptado pola Xunta de Goberno Local, será notificado expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna, por calquera dos medios previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

DÉCIMO.- Xustificación da subvención.**10.1. prazo para a xustificación**

O prazo de presentación no Rexistro Xeral dos xustificantes rematará o 15 de decembro de 2009.

10.2. Forma da xustificación.

A xustificación da subvención farase mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello dos seguintes Modelos normalizados: 5, 6 e 7 debidamente cumprimentados.

Os gastos acreditaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos legalmente. Presentaranse os orixinais ou fotocopias compulsadas; no caso de presentar fotocopias sen compulsar, os solicitantes deberán xuntar os orixinais para ser cotexados no Concello pola persoa responsable do servizo, ou secundariamente polo responsable do Rexistro Xeral

10.3. Consideracións xerais:

10.3.1. As entidades deberán presentar xustificantes por unha contía global igual ou superior ó conxunto dos gastos efectuados, na forma que se dispón na presente base. O Concello modificará as contías a conceder no caso de non xustificar a totalidade dos gastos efectuados, ou aínda xustificando este total, por non presentar correctamente os documentos xustificativos esixidos nesta base.

A xustificación presentada polos beneficiarios, será remitida para a súa fiscalización á Intervención Xeral do Concello que poderá comprobar a utilización dos fondos públicos recibidos nas actividades para as que foi concedida a subvención.

A non presentación da xustificación dentro do prazo levará automaticamente a perda da subvención e, en consecuencia, ó impago da mesma.

O Concello de Lousame resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar canta información lle sexa requirida polo Servizo Xestor e Intervención Xeral.

10.3.2. Os xustificantes dos gastos para a realización das actividades subvencionadas, deberán corresponder necesariamente ós gastos ocasionados para o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, e non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos; neste sentido serán determinantes os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos.

10.3.3. Admitiranse como xustificantes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Os elementos que deben incluírse nunha factura son os seguintes:

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF.
- Identificación da entidade, co CIF.
- Data de emisión.
- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desglosen e se describan os conceptos desglosados.

- Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente.

Cando unha entidade estea exenta de IVE deberá incluírse certificado que acredite esta exención, manifestado por órgano competente.

10.3.4. En ningún caso se admitirán como xustificantes:

- Documentos derivados do uso das instalacións culturais, educativas ou deportivas do Concello de Lousame.
- Facturas relacionadas con comidas, cenas, etc. pertencentes, por exemplo a gastos de membros da directiva ou membros da Asociación. Si se admitirán os gastos correspondentes a actividades gastronómicas subvencionables.
- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto de subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).

10.3.5. As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no preceptor, non requirirán outra xustificación que a acreditación de dita situación, con carácter previo á concesión, sen prexuízo dos controles que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Pagamento da subvención.

Unha vez examinados os documentos para a xustificación dos gastos, a Xunta de Goberno Local, aprobará as contías finais a percibir polas entidades beneficiarias, que poderán coincidir ou non coas anteriormente aprobadas, dependendo dos xustificantes dos gastos presentados. Este acordo final será debidamente notificado a cada unha das entidades.

Todo isto de conformidade ó establecido no Capítulo V do Título I da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDO.- Réxime sancionador.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral Presupostaria (Lei 47/2003 de 26 de novembro), e no art. 40 Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL.

No non previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ordenanza reguladora da concesión de subvencións polo Concello de Lousame, do ano 2004.

ANEXO: MODELOS.

MODELO 1: SOLICITUDE

Entidade:

CIF:

Núm. Rexistro Municipal Asociacións:

Representante legal (Presidente):

NIF:

Enderezo a efectos de notificacións:

Teléfono / correo electrónico:

Como representante legal da entidade anteriormente citada,

EXPÓN:

- Que coñece as bases publicadas no BOP das Subvencións a asociacións sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial para o ano 2009, e está de acordo cos seus termos.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que a entidade anteriormente indicada, encóntrase ó día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social.
2. O compromiso de aplicar o importe da axuda ás actuacións subvencionadas.
3. Que esta entidade non está incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte da Administración Pública, recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SOLICITA que se lle conceda unha subvención para as actividades a realizar durante o ano 2009.

Adxunta os seguintes modelos normalizados:

- Modelo 2:** Memoria e orzamento das actividades a realizar.
- Modelo 3:** Declaración sobre outras subvencións.
- Modelo 4:** Certificación dos datos bancarios da entidade.

Lousame, ... de ... de 2009

Asdo.: (nome, apelidos e rúbrica do Presidente)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOUSAME.

MODELO 2: ACTIVIDADE OU PROXECTO A REALIZAR DURANTE O ANO 2009.

ENTIDADE:

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE OU PROXECTO:

BREVE MEMORIA EXPLICATIVA:

¿En canto tempo se desenvolve ó longo do ano?

¿Canto tempo hai que se ven realizando?

Beneficiarios: número, idades, xénero...

OBSERVACIÓNS:

PRESUPOSTO DE GASTOS (só os pertencentes ó ano 2009) euros.

Conceptos e total.

Lousame, ... de ... de 2009

Asdo.: (nome, apelidos e rúbrica do Presidente)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOUSAME.

MODELO 3: DECLARACIÓN SOBRE OUTRAS SUBVENCIONES.

D./Dona.:

NIF:

Como representante legal da Entidade:

DECLARO

- Que para a actividades que figuran no Modelo 1, solicitáronse ademais as seguintes subvencións:

ACTIVIDADE OU PROXECTO ENTIDADE:

Importe solicitado no ano 2009:

Importe concedido no ano 2009:

TOTAL:

- Que non se solicitou ningunha outra subvención para a actividades que figuran no Modelo 1

Lousame, ... de ... de 2009

Asdo.: (nome, apelidos e rúbrica do Presidente)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOUSAME.

MODELO 4: DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA**1. Datos do acredor** (xuntará fotocopia do NIF/CIF, salvo que xa a xuntase con anterioridade):

NIF / CIF:

Nome ou razón social:

Domicilio fiscal:

Concello:

Provincia:

Código Postal:

Teléfono/s:

II. Datos do representante:

NIF / CIF:

Nome e Apelidos:

III. Alta de datos bancarios:

Entidade:

Sucursal:

Número de conta (20 díxitos):

A COMPLETAR POLA ENTIDADE BANCARIA:

Certifico, a petición da persoa indicada no apartado "I. Datos do acredor", e para os efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle vaia ordenar a Tesourería do Concello de Lousame, a existencia da conta referenciada no "III. Alta de datos bancarios", aberta a nome do titular que se está a indicar no citado apartado "I. Datos do acredor".

En _____, a _____ de _____ de 2009

POLA ENTIDADE BANCARIA

(Selo da entidade bancaria)

Asdo.: _____

IV. Baixa de datos bancarios

Entidade:

Sucursal:

Número de conta (20 díxitos):

Sinatura do acredor ou representante legal.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOUSAME.

MODELO 5: XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.**Entidade:****CIF:****Núm. Rexistro Municipal de Asociacións:****Representante legal (Presidente):****NIF:****Enderezo a efectos de notificacións:****Teléfono / correo electrónico:**

En cumprimento co establecido polas bases da convocatoria de Subvencións a asociacións sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial para o ano 2009, e unha vez concedida a subvención, procédese a presentar a seguinte documentación:

Modelos normalizados:

Modelo 6: Balance das actividades ou proxectos efectuados, con indicación dos gastos e ingresos efectivamente realizados.

Modelo 7: Certificación do Secretario e Vº e Pr. do Presidente, en relación ós gastos efectuados e obtención de outras subvencións.

Facturas, nóminas ou recibís, acreditativas dos gastos realizados, agrupadas por cada actividade.

Lousame, ... de ... de 2009.

Asdo.: (nome, apelidos e rúbrica do Presidente)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOUSAME.

MODELO 6: BALANCE DA ACTIVIDADE OU PROXECTO REALIZADO.

Entidade:

Denominación da actividade ou proxecto:

Variacións respecto ó proxecto inicial (actividades presentadas no modelo 2):

OBSERVACIÓNS:

Gastos efectivamente realizados no ano 2009 euros

Por (especificar).

Total:...

Ingresos obtidos no ano 2009 (agás as cotas dos socios) **euros.**

Por subvencións da Deputación:

Por subvencións da Xunta:

Por subvencións de entidades privadas:

Outros: (especificar)

Total:

Lousame, ... de ... de 2009.

Asdo.: (nome, apelidos e rúbrica do Presidente)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOUSAME.

MODELO 7: GASTOS EFECTUADOS E OBTENCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONES.

D. / Dona.

NIF

Telf.

Secretario/a da Entidade

CERTIFICA:

1.- Que no **exercicio de 2009** obtivo unha **subvención do Concello de Lousame** de ... €

2.- Que a entidade solicitante realizou gastos por un importe total de ...(só das actividades para as que se solicitou subvención) €.

3.- Declaración de axudas (marcar cun "x" o que proceda):

Que para os mesmos fins obtivéronse ademais as seguintes subvencións: (adxunta documentación xustificativa da obtencións destas subvencións)

Actividade:

Organismo concedente:

Importe:

Que **non OBTIVO ningunha outra subvención** para os mesmos fins.

4.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida, e que aparecen descritas no Modelo 6, que se adxunta.

E para que conste, a efectos de xustificación e cobro da subvención, expídese a presente certificación en Lousame, ... de ... de 2009.

O Secretario/a da entidade.

Visto e Prace, o Presidente/a.

Lousame, 2 de setembro de 2008.

Asdo.: José Santiago Freire Abeijón, alcalde.

2009/13421

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Recadación

Bases do IV certame de poesía erótica Illas Sisargas

“Bases da convocatoria do IV certame de poesía erótica “Illas Sisargas”.

Dando continuidade ao que xa se está a converter nunha tradición na convocatoria poética en lingua galega, O Concello de Malpica de Bergantiños convoca o IV certame de poesía erótica “Illas Sisargas”, de acordo coas seguintes:

B A S E S

PRIMEIRA.

Poderán optar ao premio tódolos autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega, agás os que xa fosen premiados en edicións anteriores.

SEGUNDA.

O Concello de Malpica de Bergantiños estable un premio único e indivisible dotado con 1.500 €.

A Asociación Cultural Caldeirón, coorganizadora do certame publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaioito meses os dereitos de editala, e entregará ao gañador trinta exemplares.

TERCEIRA.

As obras que serán de temática erótica, terán unha extensión inferior a seiscentos versos, e presentaranse por triplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

As obras presentaranse baixo un título e un lema, achegados de plica na que conste o título e o lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono.

CUARTA.

O prazo de admisión de orixinais remata o día 15 de outubro de dous mil nove, e deberán enviarse ó Concello de Malpica de Bergantiños Avda. Emilio González López, 1, 15113 Malpica de Bergantiños, indicando no sobre “IV premio de poesía erótica Illas Sisargas”.

QUINTA.

O xurado estará presidido por un representante do Concello de Malpica proposto e nomeado polo alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños, un representante da Asociación Cultural Caldeirón proposto polo presidente desta entidade e nomeado polo alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños e o gañador/a do certame inmediatamente anterior a esta convocatoria, nomeado polo alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños quen poderá ser substituído por outra persoa no caso de que, non lle fose posible aceptala súa participación; actuará como secretario o da corporación ou funcionario no que delegue.

A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

SEXTA.

Os participantes terán a obriga de comunicar ó Concello de Malpica de Bergantiños a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posibel única, sendo necesaria a asistencia dos dous tercios dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O premio poderá ser declarado deserto ou compartido “ex aequo” por varios autores/as se o xurado o estima conveniente e a súa proposta será obxecto de resolución do alcalde-presidente do Concello de Malpica, que é o órgano competente para resolve-lo premio.

A decisión do xurado terá lugar no mes de novembro de 2009 e darase a coñecer nos distintos medios de comunicación, no marco da Cea das Letras, na cal deberá estar presente o gañador do certame.

A plica correspondente á obra que resulte finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado co fin de que, se o seu autor o permite, poida darse a coñece-lo nome do finalista.

SÉTIMA.

Non se manterá correspondencia sobre as obras presentadas. Agora ben, os interesados poderán retirar das oficinas do Concello de Malpica, Departamento de Educación e Cultura, as obras non premiadas no mes seguinte ao fallo do xurado a partir do día seguinte serán destruídas.

OITAVA.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.”

Malpica de Bergantiños 26 de setembro de 2009.

O alcalde

José Ramón Varela Rey

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Exposición pública da conta xeral do exercicio 2008

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento desta Corporación correspondente ao exercicio 2008, e informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público cos documentos que a xustifican, na Intervención deste Concello por espazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes durante dito prazo de exposición e oito días mais, de conformidade co que determina o artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Muros, 4 de setembro de 2009.

O ALCALDE

Asdo.: Domingos Dosil Cubelo

2009/13346

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORTIGUEIRA

Adxudicación definitiva das obras incluídas no POS/2009

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de contratos do sector público, faise pública, para xeral coñecemento, a adxudicación definitiva das seguintes obras incluídas no POS 2009:

- OBRA: “CAMPO DA FESTA EN LADRIDO”

- Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade
- Tramitación: ordinaria
- Orzamento: 79.092,33 € (IVE engadido)
- Data de adxudicación provisional: 01/07/09
- Publicación da adxudicación provisional no perfil: 02/07/09
- Adxudicatario: ÉRBEDO, JARDINERÍA Y PAISAJISMO, S.L.
- Importe: 79.092,33 € (IVE engadido)
- Data de adxudicación definitiva: 21/07/09
- Adxudicatario: ÉRBEDO, JARDINERÍA Y PAISAJISMO, S.L.
- Importe: 79.092,33 € (IVE engadido)

- OBRA: “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN TRAVESÍA ALAMEDA E OUTRAS”

- Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade
- Tramitación: ordinaria
- Orzamento: 70.603,10 € (TVE engadido)
- Data de adxudicación provisional: 08/07/09
- Publicación da adxudicación provisional no perfil: 08/07/09
- Adxudicatario: FERORSA, PROYECTOS Y OBRAS, S.L.
- Importe: 70.603,10 € (IVE engadido)
- Data de adxudicación definitiva: 22/07/09
- Adxudicatario: FERORSA, PROYECTOS Y OBRAS, S.L.
- Importe: 70.603,10 € (IVE engadido)

- OBRA: “PAVIMENTACIÓN RÚAS CHOUSA E MIRAMAR (ESPASANTE)”

- Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade
- Tramitación: ordinaria
- Orzamento: 59.914,88 E (IVE engadido)
- Data de adxudicación provisional: 09/07/09
- Publicación da adxudicación provisional no perfil: 13/07/09
- Adxudicatario: VILLASUSO ORTEGAL, S.L.
- Importe: 59.914,88 € (IVE engadido)
- Data de adxudicación definitiva: 06/08/09
- Adxudicatario: VILLASUSO ORTEGAL, S.L.
- Importe: 59.914,88 € (IVE engadido)

- OBRA: "PAVIMENTACIÓN VÍAS PÚBLICAS EN AS NEVES, CÉLTIGOS, LADRIDO E OUTRAS"
 - Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade
 - Tramitación: ordinaria
 - Orzamento: 91.881,03 € (IVE engadido)
 - Data de adxudicación provisional: 13/07/09
 - Publicación da adxudicación provisional no perfil: 13/07/09
 - Adxudicatario: JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.
 - Importe: 91.881,03 € (IVE engadido)
 - Data de adxudicación definitiva: 22/07/09
 - Adxudicatario: JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.
 - Importe: 91.881,03 € (IVE engadido)

- OBRA: "PAVIMENTACIÓN VÍAS PÚBLICAS EN MERA DE RIBA, SAN ADRIÁN, CUIÑA E OUTRAS"
 - Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade
 - Tramitación: ordinaria
 - Orzamento: 88.070,62 € (IVE engadido)
 - Data de adxudicación provisional: 13/07/09
 - Publicación da adxudicación provisional no perfil: 13/07/09
 - Adxudicatario: JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, CNES: S.A.
 - Importe: 88.070,62 € (TVE engadido)
 - Data de adxudicación definitiva: 23/07/09
 - Adxudicatario: JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, CNES. S.A.
 - Importe: 88.070,62 € (IVE engadido)

- OBRA: "REFORMAS CENTRO SOCIAL DE LOIBA"
 - Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade
 - Tramitación: ordinaria
 - Orzamento: 60.000,00 € (IVE engadido)
 - Data de adxudicación provisional: 08/07/09
 - Publicación da adxudicación provisional no perfil: 08/07/09
 - Adxudicatario: ORJALES ORTIGUEIRA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L.
 - Importe: 60.000,00 € (IVE engadido)
 - Data de adxudicación definitiva: 06/08/09
 - Adxudicatario: ORJALES ORTIGUEIRA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L.
 - Importe: 60.000,00 € (IVE engadido)

Ortigueira, 1 de setembro de 2009

O alcalde

Asdo.: Rafael J. Girón Martínez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Anuncio da adxudicación, mediante concesión administrativa, da cafetería dos “Xardíns Campo da Feira”, nas Pontes de García Rodríguez

ANUNCIO

Expediente nº 303/2009-2.03

A través de Decreto nº 1576/2009, do 14 de setembro, o alcalde prestou aprobación ao expediente tramitado para adxudicar a concesión da cafetería dos “Xardíns Campo da Feira”, nas Pontes de García Rodríguez.

A aprobación do expediente conleva a aprobación simultánea do prego de cláusulas administrativas e o seu anexo de prescricións técnicas.

Os referido pregos expóñense ao público na secretaría municipal durante o prazo de oito (8) días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), para que se poidan presentar reclamacións.

Simultaneamente convócase concurso para a presentación de proposicións, podendo aprazarse a licitación no caso de que se formulen reclamacións contra os referidos pregos.

Obxecto.- O Concello das Pontes de García Rodríguez convoca concurso público para adxudicar a xestión da cafetería dos “Xardíns Campo da Feira” situados nesta localidade.

O canon mínimo de adxudicación é de 300 euros.

Duración do contrato: doce (12) anos

Pregos.- Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen ese procedemento de concesión poden examinarse durante as horas de oficina nas dependencias municipais do 1º andar da Casa do Concello (Parque municipal, s/n. 15320- As Pontes de García Rodríguez, teléfono: 981453116). Tamén estarán inseridos na páxina web municipal, e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Garantía provisional.- A garantía establécese en 1.176,72 €

Presentación de proposicións.- As proposicións presentaranse no rexistro xeral da Casa do Concello, en días hábiles, dentro do prazo de doce (12) días naturais contados a partir do seguinte ao do remate do período de información pública, en dous sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación esixida no prego de condicións.

Gastos de anuncios.- O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de anuncios de licitación e adxudicación nos que poida incurrir a entidade local.

As Pontes de García Rodríguez, 15 de setembro de 2009

O alcalde

Valentín González Formoso

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBEIRA

Cobranza padrón fiscal vaos 2009

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 3 de setembro de 2008, aprobou o Padrón Fiscal correspondente ó Exercicio 2009, polo concepto de Vados Permanentes e Reserva de Vía Pública.

Polo tanto, de acordo co artigo 14 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Ley reguladora das Facendas Locais, este Padrón sométese a exposición pública, a efectos de recursos e reclamacións, polo prazo dun mes, e o presente anuncio surte os efectos de notificación colectiva das liquidacións segundo o artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Segundo o acordo do Pleno da corporación de 26-01-2009, o periodo voluntario de cobranza para este concepto será o comprendido entre o dezaseis de setembro e o quince de novembro do corrente ano.

Transcorrido o prazo de ingreso anteriormente sinalado, as débedas serán esixidas pola vía de constriximento é deventarán o recargo de apremio, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan o teor do disposto no artigo 20.5 e 97 do Regulamento xeral de recadación, segundo a redacción aprobada polo RD 1684/1990, do 20 de decembro.

Riveira, 4 de setembro do 2009

O ALCALDE ,

Fdo. D. JOSE LUIS TORRES COLOMER

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBEIRA

Cobranza padrón fiscal auga, lixo e redes de sumidoiro 2º trimestre/2009

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 3 de setembro do 2009, aprobou o Padrón Fiscal correspondente ó 2º trimestre do 2009, polos conceptos que a continuación se detallan.

- Taxa polo servizo de recollida do lixo.
- Taxa polo servizo de administración de auga potable.
- Taxa polo servizo de redes de sumidoiros.

Polo tanto, de acordo co artigo 14 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Ley reguladora das Facendas Locais, estes Padróns sométense a exposición Pública a efectos de recursos e reclamacións, polo prazo dun mes, e o presente anuncio surte os efectos de notificación colectiva das liquidacións segundo o artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Segundo o acordo do Pleno da Corporación de 26 de xaneiro do 2009, o período de cobranza para estes conceptos será o comprendido entre o primeiro de setembro do 2009 e o 31 de outubro do 2009, debendo aboarse nas dependencias da Recadación Municipal en horario de 9,30 a 13,30 horas.

Trancorrido ó prazo de ingreso anteriormente sinalado, as débedas serán esixidas pola vía de construximento e devengarán o recargo de apremio, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, a teor do disposto no artigo 20.5 e 97 do Regulamento xeral de recadación, segundo a redacción aprobada polo RD 1684/1990, do 20 de decembro.

Riveira, 4 de setembro do 2009

O ALCALDE ,

F/ Don JOSE LUIS TORRES COLOMER

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBEIRA

Notificacións de resolucións de expedientes sancionadores en materia de Policía. Expedientes sancionadores 20/2009, 23/2009 y 30/2009

1.- De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, publícase notificación de incoación dos expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas por infraccións xenéricas en materia de policía efectuadas de oficio polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no enderezo que figura no expediente de inicio e que se enumeran a continuación:

cionadores 20/2009 (GARCÍA AÑÓN, José Manuel), 23/2009 (SIMOES CHACÓN, Sergio) e 30/2009 (MARTÍNEZ BORJA, Ramón).

2. A sanción poderá facerse efectiva na contía correspondente, por un dos seguintes medios: Persoalmente nas Oficinas de Tesorería Municipal do Concello, sita na Praza do Concello s/n, de Riveira, aberta ao público de luns a venres de 9 a 14 horas. Mediante xiro postal, facendo constar número de expediente, nome e enderezo do infractor.

3. Transcorridos os prazos anteriores sen efectua-lo ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, co recargo do 20%, máis intereses de demora e costas que en cada caso sexan esixibles.

4. Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, so cabe interpoñe-los seguintes recursos:

a) De REPOSICION: Con carácter potestativo, ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ó da notificación da presente (Publicación).

b) CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO: Ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de 2 meses contados desde o día seguinte ó da notificación da presente Resolución (Publicación). Sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que considere axeitado a dereito.

Riveira, 2 de setembro de 2009.

Relación de suxeitos a que se refire este Edicto:

DENUNCIADO/A	NIF/CIF	Nº EXP.	DATA DEN.	ARTIGO	NORMA	SANCION
GARCÍA AÑÓN, José Manuel	52.434.078	20/09 PL	24-26/06/09	34. 2	Ordenanza Reg. de Emis. e Rec. de Ruidos e Vibracións	60 €
SIMOES CHACÓN, Sergio	36144317-R	23/09 PL	18/07/2009	23. n)	Lei 1/1992, de Protección da Seguridade Cidadá	300 €
MARTÍNEZ BORJA, Ramón	12224027-X	30/09 PL	11/07/2009	14	Ordenanza Municipal de Venda Ambulante	50 €

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SAN SADURNIÑO

Aprobación inicial modificación Ordenanza fiscal nº 12.

A N U N C I O

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 5 de setembro de 2009, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora Taxa pola prestación de servizos consistentes na utilización de instalacións deportivas municipais

O que se fai público durante o prazo de trinta días, contados desde o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que polos interesados se poida examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

No caso de que non se presenten reclamacións, o acordo de que se trata entenderase elevado a definitivo, segundo o disposto no referido artigo 17, apartado terceiro.

San Sadurniño, 17 de setembro de 2009.

O ALCALDE PRESIDENTE,

Asdo.: Secundino García Casal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Caducidade e baixa de estranxeiro non comunitario no padrón municipal

RESOLUCIÓN N° 1141/09

A lei orgánica 14/2003, de 20 de novembro, no seu artigo 3 modifica a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e introduce, entre outras, unha modificación no artigo 16 que establece a renovación periódica cada dous anos das inscricións no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente e a caducidade de ditas inscricións no caso de que os interesados non procedesen a tal renovación. Neste caso a caducidade poderá declararse sen necesidade de audiencia previa aos interesados.

De conformidade coa lexislación aplicable nesta materia,

RESOLVO

Primeiro.- Declara-la caducidade da inscrición no padrón municipal de habitantes deste concello da persoa que se relaciona a continuación, por non ter renovada a súa inscrición padroal transcorrido o prazo de dous anos e en consecuencia acorda-la baixa con data 28 de agosto de 2009 de dita inscrición por caducidade:

- Don JULIANO GONÇALVES SAIDES, con n° de pasaporte CV237344.

Segundo.- Publica-la presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello aos efectos de dar coñecemento da mesma ao/s interesado/s e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Esta resolución, ó abeiro do artigo 109 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pon fin á vía administrativa e contra ela poderanse interponer:

- Con carácter potestativo o recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou esta resolución, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos artigos 116 e 117 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

- Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto. Se a resolución non fora expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto. No caso de interponerse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

- O recurso extraordinario de revisión de acordo co artigo 118 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou calquera outro que estime procedente.

Mándao e asíno o sr. alcalde, don Miguel Pérez Fernández, en Santa Comba a vinte e nove de agosto de dous mil nove.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sección Municipal de Contratación

Licitación do Servizo de Dinamización Sociocultural e Comunitaria da rede municipal de Centros Socioculturais

ANUNCIO DE LICITACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

OBJECTO DO CONTRATO: Xestión e dinamización sociocultural e comunitaria da rede municipal de centros socioculturais do Concello de Santiago.

REFERENCIA DO EXPEDIENTE: CON/115/2009.

TIPO DE LICITACIÓN: 767.049'67 euros.

PRAZO DE EXECUCIÓN: A duración do contrato será de UN ANO, prorrogable por outro ano mais.

ADXUDICACIÓN: Procedemento Aberto.

PROPOSICIÓNS: Os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago), entre as 9.00 e as 14.00 horas, dentro do prazo de 15 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: Concello de Santiago. (Sección de Contratación) Tfno.: 981 54 30 33. Fax: 981 54 23 04. Correo electrónico: plopezb@santiagodecompostela.org.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Son os sinalados no artigo 10.3 do prego de cláusulas administrativas.

GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do importe de adxudicación.

APERTURA DE PLICAS: As datas de apertura dos sobres que conteñen os diferentes criterios de adxudicación a valorar nesta licitación, que terán lugar en acto público no Departamento de Contratación (R/ Presidente Salvador Allende nº 6-8), anunciaranse previamente no perfil de contratante do órgano de contratación nos termos sinalados no artigo 16 prego de cláusulas administrativas.

GASTOS DE ANUNCIOS: O gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

O ALCALDE,

Asdo.: José A. Sánchez Bugallo

2009/13789

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo. Sección de Planeamento e Xestión

Anuncio de aprobación definitiva da Modificación puntual do PERI-5 e SUNP-6 de San Lázaro

Anuncio de aprobación definitiva da Modificación puntual do Plan especial de reforma interior (PERI-5) e do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 6 (SUNP-6) de San Lázaro

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 30 de xullo de 2009 adoptou o seguinte acordo:

· Aprobar definitivamente a Modificación puntual do PERI-5 e do Plan parcial do SUNP-6, formulada de oficio polo Concello, coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado que se describen nos informes emitidos –resultado do trámite de información pública e do informe do director xeral do Patrimonio Cultural-, e que figuran xa incorporadas ó proxecto reformado que se somete a aprobación definitiva.

O presente acordo notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medido Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do proxecto definitivamente aprobado.

O acto de aprobación definitiva da citada modificación puntual foi comunicado á Consellería de Medido Ambiente, Territorio e Infraestruturas con data 1 de setembro de 2009, en cumprimento do disposto polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

Contra o acordo transcrito de aprobación definitiva, poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio.

De acordo co sinalado no artigo 92.2 da LOUG, publícase deseguido o texto íntegro da normativa urbanística de aplicación.

Santiago de Compostela, 01 de setembro de 2009

O alcalde

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo

8. CRITERIOS COMPOSITIVOS E ESTÉTICOS DA NOVA EDIFICACIÓN

Considérase conveniente definir uns criterios compositivos e estéticos que completen ou reforcen os xa previstos no Plan parcial e no PERI.

O obxectivo destes criterios é garantir que as novas actuacións non resulten incongruentes entre si nin co resto das edificacións dos seus ámbitos de planeamento respectivos, xa que van compartir un mesmo espazo físico.

8.1. Plan parcial. Ringleiras U-1 e U-2

a) Proxecto unitario.

Considérase necesario, como primeiro e determinante criterio compositivo, establecer a obrigatoriedade dun proxecto único de edificación para cada unha das ringleiras previstas.

Esta condición, por outra banda, ven requirida pola implantación do garaxe comunitario, que é a tipoloxía que neste documento se establece, recollendo a solución adoitada na ringleira U-3 e implicitamente prevista no propio Plan parcial.

Este aspecto é especialmente importante na ringleira U-1, por canto se vai converter na fachada máis visible da actuación na zona pola que acceden normalmente á cidade todos os peregrinos do Camiño Francés.

A desigual fronte das parcelas resultantes do Proxecto de reparcelación do polígono A e o xenérico dos criterios de implantación da edificación definidos no Plan parcial fan especialmente importante definir, a través do propio proxecto de edificación, unha disposición das vivendas unifamiliares que resulte coherente, non só coas parcelas adxudicadas, senón tamén e especialmente, co seu carácter de peza única e homoxénea, de acordo co espírito do Plan parcial.

Para estes efectos, de existir acordo dos propietarios afectados, o propio proxecto de edificación conxunta da ringleira, poderá efectuar os lixeiros axustes que se estimen oportunos respecto das parcelas de orixe, para adaptalas a múltiples da fronte tipo que resulte da disposición das vivendas unifamiliares.

b) Plataformas de implantación da edificación

De acordo cos criterios definidos no Plan parcial, establécense unhas plataformas escalonadas nas que se asentarán cada unha das ringleiras edificables.

Estas plataformas son horizontais e a súa cota de implantación está recollida nos correspondentes planos de ordenación.

A cota da plataforma de implantación é a cota de medición para determinar a altura máxima da edificación.

O espazo edificable situado por debaixo da cota de implantación terá a condición de soto e destinarase a garaxe.

c) Liñas de edificación sobre rasante

As liñas de edificación sobre rasante definidas no documento teñen o carácter de máximas e representan a envolvente máxima da edificación sobre rasante, polo que non pode ser sobrepasada por voos, saíntes, etc.

Dentro destas liñas máximas poderá dispoñerse a edificabilidade asignada no Proxecto de reparcelación para cada parcela de acordo cos criterios xerais definidos no Plan parcial.

Dentro desta envolvente poderán deixarse espazos baleiros de edificación (pasos ou patios interiores, etc.) sen computar edificabilidade que permitan adecuar a volumetría de cada vivenda á edificabilidade total asignada.

d) Liña de edificación baixo rasante

A liña así definida representa a ocupación máxima da parcela permitida para a edificación baixo rasante, é dicir, a ocupación máxima da edificación por debaixo do plano horizontal que define a plataforma de implantación da edificación.

No caso concreto da ringleira U-1, a liña máxima de ocupación baixo rasante recúase respecto da aliñación da parcela, tal e como se recolle no plano de ordenación, co obxecto de establecer unha franxa de espazo libre, incluída dentro da parcela privada pechada que permita, a través do seu tratamento en noiro axardinado, servir de elemento de transición entre a rasante do viario público e a da plataforma de implantación da edificación, minimizando o impacto do muro do soto sobre a rúa.

e) Liñas de peche das parcelas

As liñas de peche das parcelas non coinciden cos liñas de definición da parcela privada, tal e como xa estaba previsto no Plan parcial, que establecía a obrigatoriedade de pechar a parcela nunha franxa comprendida entre 20 m. como mínimo e 25 m. como máximo (art.18.6 do Plan parcial).

No presente documento establécese o criterio para definir as liñas de peche, do seguinte xeito:

- A liña de peche nas frontes das parcelas, entendendo por tales as da súa fachada norte, será a definida no documento con carácter obrigatorio.

- A liña de peche na parte posterior das parcelas, na que se sitúa o xardín das vivendas, na fachada sur, será a definida no documento, obtida coa unión en liña recta do punto no que se sitúa o fondo mínimo da ringleira co que resulta de medir un fondo de 25 m. na zona de fondo máximo.

A liña así definida terá o carácter de máxima, podendo o proxecto de edificación unitario da parcela dispoñer unha liña de peche que supoña menor fondo, co obxectivo, por exemplo, de obter xardíns na parte posterior da mesma dimensión. O límite mínimo da liña de peche será, en todo caso, o que produza un paralelepípedo regular, é dicir, o que iguale os fondos de todas as parcelas edificables de cada ringleira.

O resto de parcela privada situada fóra da liña de peche da parcela terá un tratamento axardinado, que se deberá definir de xeito unitario para toda a parcela no proxecto de edificación, e que servirá basicamente como elemento de transición entre o viario público e a parcela privada pechada, contribuíndo, entre outros aspectos, á privacidade das parcelas e á absorción de posibles desniveis do terreo. O tratamento deste espazo será coherente co do espazo público circundante, co que deberá integrarse.

f) Altura máxima

A altura máxima da edificación será de 6,5 m. desde a cota de medición, definida pola cota de implantación da edificación, ata a cornixa. Sobre esta altura poderá dispoñerse, de acordo co Plan parcial un máximo de 30 m²c por vivenda (non considerados na edificabilidade total asignada na ficha da Reparcelación), co obxecto de dar accesibilidade ás terrazas, formando ático. Este elemento deberá dispoñerse recuado das fachadas un mínimo de 1/3 do fondo total da planta tipo. O recuado deberá distribuírse entre as dúas fachadas, pero será obrigatorio un recuado mínimo de 1,5 m. na fachada norte ou principal, e de 1 m. como mínimo na fachada sur.

Este recuado mínimo de 1 m. establécese tamén nas fachadas que conforman os extremos leste e oeste de cada ringleira.

g) Muros de contención

Os muros que afloran sobre a rasante do camiño, como consecuencia da definición da cota horizontal de implantación da edificación, terán o carácter de muros de contención de terras, por canto que definen a topografía da implantación.

Estes muros soamente se permitirán ata a cota de implantación da edificación e constituirán a banda opaca do valo da parcela.

O proxecto de edificación definirá o tratamento específico deste muro, no que non está permitido abrir ningún tipo de oco.

8.2. PERI-5. Edificio nas parcelas 9484501 e 9484502

a) Cambio de tipoloxía da edificación

O principal criterio que ten que seguirse na definición da nova edificación deriva do cambio tipolóxico producido coa reordenación dos volumes.

A aplicación da ordenanza do núcleo histórico de San Lázaro, que recolle dalgún xeito a forma de ocupación agraria tradicional (edificacións coa proporción e disposición do casarío tradicional, hortas pechadas coas súas construcións auxiliares) deixa de ter sentido coa ordenación de volumes proposta neste caso concreto.

Polo tanto, a nova edificación deberá tratarse como un bloque urbano aberto, limpamente implantado no terreo, sen parcela libre privada asociada ó edificio que poida ser pechada para uso privativo do edificio.

b) Condicións estéticas

Respondendo tamén a este cambio tipolóxico, a composición e tratamento estético das fachadas do edificio evitarán a copia mimética das solucións construtivas en xeral e de ocos en particular, propias das construcións rurais ou tradicionais, e a superposición de elementos historicistas (cornixas, volutas, etc.) que non se corresponden coa tipoloxía de bloque de nova planta que se propón.

En todo caso, evitanse tamén as solucións manifestamente incongruentes co núcleo de San Lázaro ou que resulten pouco harmónicas no conxunto.

Para estes efectos, parece coherente remitir ás condicións estéticas xerais fixadas para o ámbito do Plan parcial, por canto que regula edificacións de nova planta en tipoloxías modernas no entorno inmediato do núcleo de San Lázaro.

c) Tratamento da cuberta

Respondendo tamén a este cambio tipolóxico, a resolución da cuberta remítese ó previsto no ámbito do Plan parcial, propoñéndose a creación dunha planta ático, cun recuado obrigatorio respecto da liña de fachada das plantas tipo non inferior a tres metros, nas catro fachadas.

Esta planta ático terá, como máximo, a edificabilidade que resultaría do cómputo supoñendo unha disposición de cuberta a catro augas e altura máxima no cumio de 3,5 m.

d) Tratamento do espazo libre privado de uso público

A parcela privada definida nos planos representa a parcela máxima ocupable baixo rasante para a dotación de aparcadoiro, sen que poida neste caso a edificación baixo rasante aflorar sobre o terreo natural, nin sobre o terreo modificado en ningún punto.

Este espazo, que insistimos, non poderá ser pechado, terá sobre rasante un tratamento similar ó do espazo público circundante e será de uso público en superficie.

9. CRITERIOS DE URBANIZACIÓN

9.1. Criterios xerais de urbanización

Tanto no subámbito do polígono A destinado a vivenda unifamiliar, como na zona do PERI-5 están, como xa indicamos, sen acometer as obras de urbanización correspondentes á execución destes ámbitos de planeamento. Nesta última zona (PERI-5) deberíamos falar máis ben de obras de reurbanización, xa que as obras principias son de acondicionamento de rúas ou camiños xa existentes.

O proxecto de urbanización, que necesariamente haberá de redactarse, será o instrumento que defina con precisión as obras a executar no espazo público do ámbito.

O presente documento define o sistema viario e a organización dos espazos libres e zonas verdes, basicamente recoillendo os criterios e determinacións dos planeamentos que adapta, con algunhas precisións, algunhas das cales xa foron comentadas no apartado 5.3 "Integración do SUNP-6 e do PERI-5", ó que nos remitimos:

- Defínense os accesos ós garaxes privados desde o viario público, naqueles casos que se establecen como obrigatorios.
- Amplíase o viario no entorno do edificio número 64 da rúa de San Lázaro.
- Proponse un tratamento do sistema viario dun xeito menos xerarquizado, integrando, na medida do posible, os tráfico peonís e os rodados nas zonas nas que a excesiva especialización para viario rodado se considera inadecuada.

As solucións concretas do proxecto de urbanización primarán a derivación dos tráficoos ós grandes colectores circundantes evitando a creación de fluxos cara o interior do PERI .

A nova ordenación permite organizar funcionalmente o sistema viario sen necesidade de afectar á vivenda existente no nº 64, polo que o proxecto de urbanización, non deberá prever a execución da urbanización nos terreos hoxe ocupados pola mesma, que se remiten a unha fase posterior, vinculada á execución da nova edificación nesa parcela. O proxecto de urbanización, en todo caso, debe garantir a coherencia do conxunto, tanto na situación de mantemento da edificación, como na situación final.

Para o tratamento das zonas verdes e dos espazos peonís seguiranse criterios paisaxísticos e terán preferentemente un tratamento brando e natural.

O proxecto de urbanización fará un estudo pormenorizado do arboredo existente no ámbito, co criterio xeral de primar o seu mantemento e posta en valor. En particular, estudará a viabilidade de manter a árbore existente na rúa de San Lázaro, como elemento singular e significativo do futuro espazo peonil.

As franxas estreitas de zona verde pública entre as ringleiras de vivendas unifamiliares e a avenida de Clemente Fernández Sarela trataranse como elementos de transición entre o viario e a edificación, con ondulacións e vexetación que mitiguen o afloramento dos muros de soto e as ramplas de acceso ó garaxe, etc.

O espazo que bordea o novo bloque do PERI, polo sur e polo leste, terá tamén un tratamento paisaxístico, resolvendo o desnivel entre as plataformas a través do emprego do terreo natural, bancais ou pequenos muros, como un colchón verde que permita a fluidez e continuidade dos espazos situados a distinta cota, facilitando os percorridos peonís.

9.2. Criterios de urbanización en relación coa protección do Camiño francés

Unha das principais características do ámbito é a súa vinculación directa co Camiño Francés, feito que debe guiar calquera das decisións que afecten ó tratamento da súa urbanización.

Por unha banda, a delimitación oficial do Camiño Francés, en tanto non se aprobe outra delimitación que a modifique, é a contida na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental do 12 de novembro de 1992, que discorre pola rúa de San Lázaro.

Por outra banda, os documentos do Pan parcial do SUNP-6 e do PERI-5 de San Lázaro, como consecuencia dos traballos arqueolóxicos efectuados coa elaboración do planeamento, estableceron como posible traza do Camiño o tramo do camiño histórico situado ó sur, hoxe parte da rúa de Fernando de Casas Novoa, establecendo as pertinentes cautelas, que o presente documento non modifica.

O proxecto de urbanización terá en conta estas circunstancias, garantindo o criterio de conservación e posta en valor do camiño situado ó sur, ademais das condicións que se poidan establecer respecto da traza oficial do Camiño.

A este respecto, establécense os seguintes criterios xerais, recollendo os xa expresados nos documentos que se modifican, ós que este documento se remite, e incorporando os expresados no informe da Dirección Xeral de Patrimonio ó presente documento:

- O proxecto de urbanización deberá desprazar o aparcadoiro existente do borde do Camiño, na rúa de San Lázaro.
- Manteranse as trazas e as rasantes actuais do camiño situado ó sur, así como a vexetación existente. Enténdese, neste caso, por traza o eixo lonxitudinal do camiño e a súa sección transversal característica, sobre as que só se poderán facer lixeiros axustes ou correccións que non desvirtúen as súas características.
- O espazo situado na cota máis baixa, situado entre a traza do Camiño e a aliñación das vivendas da ringleira U-3, poderá pavimentarse e ter un tratamento superficial propio dun espazo libre.
- As canalizacións de servizos que resulten necesarios derivaranse preferentemente, na medida do posible, polo espazo libre situado na cota máis baixa.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VALDOVIÑO

Anuncio de aprobación definitiva Ordenanza reguladora do uso das praias no concello de Valdoviño

ANUNCIO

O Concello-Pleno de Valdoviño, en sesión que celebrou o día dezaioito de maio de dous mil nove, adoptou acordo de aprobación provisional da Ordenanza reguladora do uso das praias do Concello de Valdoviño, abríndose un período de presentación de reclamacións ou suxestións durante o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia número 183 do día 18 de xuño de 2009. Por no terse presentado en prazo ningunha reclamación, o acordo entendese definitivamente aprobado, polo que se procede á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Artigo 1.

De acordo co disposto no artigo 3.1.b) da Lei de Costas, de 28 de xullo de 1988, as praias deste término municipal de Valdoviño constitúen bens de dominio público marítimo terrestre estatal, consonte o artigo 132.2 da Constitución Española.

O artigo 115 da Lei de Costas atribúe competencias municipais no dominio público marítimo terrestre estatal que, no que atinxe ás praias, son:

- Manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade.
- Vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.
- Explotar, de ser o caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

Esta ordenanza municipal regula o exercicio desas competencias que a lexislación de Costas atribúe a este municipio, para manter as praias de Valdoviño nas mellores condicións.

Preténdese con esta ordenanza garantir o uso público das praias, regulando os usos xerais e especiais, e asegurar a súa integridade e adecuada conservación.

Así, estas normas teñen por obxecto, establecer as condicións xerais que deben cumprir as diferentes instalacións así como regular as actividades e usos que se realicen nas praias deste Concello, co fin de protexer a saúde pública e o medio ambiente, así como conseguir unha mellora da imaxe o noso litoral.

Artigo 2.

O contido desta ordenanza será de aplicación a en todas as praias do municipio de Valdoviño, así como ás instalacións ou elementos que ocupen ditos espazos.

Artigo 3.

A competencia nesta materia atribúese a Concellaría de Praias, ou a que asuma as súas funcións, sen prexuízo das propias do resto de Concellarías no ámbito das súas competencias.

Artigo 4.

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese como:

- a) Praias: marxe, orilla ou ribeira que rodea as augas de baño continentais ou marítimas, en superficie case plana que teñan ou non vexetación, formadas pola acción da auga ou do vento ou por outras causas naturais ou artificiais.
- b) Augas de baño: calquera elemento de augas superficiais que sexan susceptibles de que poidan bañarse nelas un número importante de persoas ou exista unha actividade cercana relacionada directamente co baño e no que non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulara unha recomendación permanente de absterse del, donde non exista perigo obxectivo para o público.
- c) Zonas de augas de baño: área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño.

En todos os casos, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para eses efectos.

Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

d) Zona de varada: aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente listadas.

e) Acampada: instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.

f) Campamento: acampada organizada e dotada dos servizos establecidos na normativa vixente.

g) Bandeiras de sinalización de habilitación para o baño: determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño.

As Bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

– Verde: Apto para o baño.

– Amarela: precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas ou debido á existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

– Vermella: prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

No entanto, as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente o perigo a previr.

h) Animal de compañía: todo aquel que, sendo doméstico ou silvestre, é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista ningunha actividade lucrativa sobre el.

i) Pesca marítima de recreo: enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen ningunha retribución e sen ánimo de lucro.

A pesca marítima de recreo poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina, nadando ou mergullando a pulmón libre.

j) Tempada de baño: é o período de tempo en que pode preverse unha afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos ou costumes locais.

A efectos da presente ordenanza enténdese por tempada de baño o período comprendido entre o día 1 de xullo e o 1 de setembro de cada ano, aínda que o Concello poderá variar ditas datas en función das circunstancias climatolóxicas.

Artigo 5.

A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán apercibir verbalmente aos que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, para o fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obrigação debida, iso sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando proceda, ou no seu caso, que se remita a denuncia á Administración competente.

O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará aos anteriores no labor de información do establecido na presente ordenanza, comunicando particularmente as infraccións e apercibindo ao posible infractor que, de persistir na súa actitude, trasladarán unha denuncia á autoridade.

O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións existentes ou que poidan ditarse en adiante polos organismos competentes.

Artigo 6.

A utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordos coa natureza daquela, sempre que se realicen de acordo coas leis, regulamentos, e coa presente ordenanza.

O paseo, a permanencia e o baño pacífico na praia e no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.

Non se permitirá o uso de aparellos sonoros ou instrumentos musicais cando poidan molestar ao resto dos usuarios da praia.

Queda prohibido dar un uso diferente ao propio das duchas, lavapés, aseos situados nas praias, así como limpar os utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou champú ou calquera outro produto deterxente. Ao mesmo tempo, fomentarase o aforro na utilización da auga.

En todo caso, a utilización de calquera outro elemento do mobiliario urbano, en xeral, corresponderá ao fin para o que está destinado.

Artigo 7.

A realización de calquera tipo de actuación ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente ordenanza, deberá dispor da preceptiva autorización municipal.

Artigo 8.

No exercicio das competencias que a vixente ordenación atribúe ao Concello de Valdoviño, en relación á limpeza das praias deste termo municipal, realizaranse as seguintes actividades:

a) Retirada das praias todos aqueles residuos que se mesturan cos materiais soltos (area, grava, etc.) da súa capa superficial ou dispostos na mesma.

b) Baleirado e limpeza das papeleiras públicas e demais recipientes de residuos sólidos dispostos nas praias.

c) Retirada de algas, no caso de que sexa necesario.

O Concello disporá a instalación de papeleiras pola praia, dependendo das necesidades de cada zona.

Nas praias do termo municipal, a súa limpeza se realizará coa frecuencia e horario previstos para a adecuada xestión do servizo.

Artigo 9.

O Concello, por se mesmo ou a través da empresa encargada do servizo de limpeza de praias, poderá realizar campañas de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente mediante as accións divulgativas que estime oportunas.

Queda prohibido calquera acto que puidese ensuciar as nosas praias, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

Artigo 10.

a) Prohíbese aos usuarios da praia ou da auga do mar arroxar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar, tales como papeis, restos de comida, latas, botellas, cascas de frutos secos, etc., así como deixar abandonados mobles, carriños, caixas, embalaxes, etc. debéndose utilizar as papeleiras ou colectores que se instalen a tal fin.

b) Ditos verquidos realizaranse nos correspondentes colectores que para eses efectos se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais.

c) Desde o Concello realizaranse campañas de concienciación cidadá para evitar estas accións tan prexudiciais para todos. Calquera infracción a este artigo será sancionada, quedando ademáis o infractor obrigado á recollida dos residuos por el arroxados.

Os servizos de tempada e toda ocupación de vía ou espazo público, obxecto desta ordenanza, cumprirán os horarios establecidos polo Concello para depositar os lixos producidos no desenvolvemento da súa actividade.

Para manter a hixiene e salubridade, o Concello adoptará as medidas oportunas de control dos verquidos e depósitos de materiais.

Artigo 11.

Non estará permitido:

a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.

b) Lavarse no mar ou na praia utilizando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.

O Concello instalará nas praias, onde non o houbese con carácter permanente, polo menos un aseo público accesible durante a tempada de baño. Sancionarase o seu uso diferente, como xogar, limpar os aveños de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou champú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Naquelas zonas onde se realice algún tipo de actividade, xa sexa permanente ou temporal, os seus responsables deberán manter durante o seu exercicio, as debidas condicións de limpeza e salubridade.

Co fin de facilitar a limpeza das praias, durante a tempada de baño non se permitirá instalar calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do período horario que regulamentariamente se estableza.

Os titulares dos servizos de tempada están obrigados a evitar que se produza acumulación de lixo na zona onde estén implantados, polo que deberán proceder á súa limpeza coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso, depositando os restos nos colectores habilitados.

Artigo 12.

a) Os pescadores poderán realizar, nas zonas habilitadas, as súas faenas de limpeza de artes e aveños así como de mantemento de embarcacións, debendo inmediatamente logo de terminar, depositar os residuos que se produzan nos colectores próximos á praia.

b) Quen vulnere estas prohibicións, deberá retirar de inmediato, a requirimento verbal dos axentes da autoridade, os residuos, e procederá ao seu depósito, conforme establécese nesta ordenanza, sen prexuízo da sanción que lle poida corresponder.

A evacuación dos residuos referidos farase obrigatoriamente no tipo de envases e recipientes normalizados que se establezan.

Artigo 13.

En orde á seguridade dos usuarios das praias e ao seu mantemento e hixiene prohíbese:

a) Realizar lume directamente no chan da praia (areas, pedras ou rocas), agás naquelas datas que por especial significación se autoricen expresamente por parte do Concello e polos organismos competentes.

b) O uso de bombonas de gas ou líquidos inflamables nas praias. Exclúese a subministración de excepción do combustible utilizado para prover os motores das embarcacións nas zonas de varada, cuxa manipulación haberá de realizarse seguindo as máis estritas normas de seguridade e baixo a responsabilidade da persoa que o realice.

c) Cociñar na praia.

Artigo 14.

a) Os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño, das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.

b) A tal fin o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada das calidades das augas do baño.

O Concello dará a publicidade necesaria aos informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño.

Artigo 15.

1.º.–O emprazamento de calquera tipo de instalación deberá contar coa preceptiva autorización municipal e reunir as condicións sinaladas con carácter xeral na presente ordenanza e na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.

É potestade do Concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo previsto nesta ordenanza, establecer as zonas donde emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no seu ámbito de aplicación.

2.º.–No que respecta ás concesións, autorizacións e licenzas, esta ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma específica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento.

Non se permitirá a delimitación, polos particulares, da zona obxecto de concesión.

Todos os elementos que se instalen no espazo público, obxecto desta ordenanza, deberán responder aos requisitos de homologación de acordo á súa normativa específica de normalización. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

3.º.–Será obrigación do titular ou concesionario manter as instalacións e elementos permanentes nas debidas condicións de seguridade e hixiene. Para ese efecto, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida e evacuación dos residuos xerados.

Artigo 16.

Débese respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, rampas, etc.

Non se permitirá obra fixa no espazo público, obxecto desta ordenanza, salvo a previamente autorizada, nin deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

Artigo 17.

Respecto dos soportes publicitarios e a publicidade comercial en xeral na zona de dominio público, esta axustarase ao establecido nas disposicións municipais que a regulen ou, no seu caso, pola lexislación vixente que sexa de aplicación.

Artigo 18.

Para a prevención en materia de seguridade e salvamento, as praias con este servizo durante a tempada de verán terán servizos de salvamento e socorrismo.

Os servizos de salvamento e socorrismo atenderán os postos de salvamento existentes nas praias exclusivamente durante o horario que determine o Concello e que figure exposto nos carteis indicadores situados nas praias.

Nas praias debe haber un servizo de salvamento, formado por un conxunto de medios humanos e materiais, que posibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación e de seguridade e protección. As funcións deste servizo circunscríbense ás zonas balizadas para o baño ou sinalizadas mediante bandeiras, e concretamente ás seguintes:

– Efectuar as tarefas de vixilancia contínua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación do contorno ambiental.

– Garantir a primeira atención sanitaria.

– A procura de persoas desaparecidas no areal vixiado.

– A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar.

- Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorrismo e transporte de accidentados.
- Informar aos usuarios das embarcacións con motor e de esquí acuático das prohibicións ou limitacións para a súa práctica.
- Manter a zona destinada ao baño totalmente despexada de animais e obxectos que poidan orixinar un perigo para os bañistas.
- Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificándoas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.
- En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa para os usuarios.

Artigo 19.

O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de salvamento e socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en adiante polos organismos competentes.

As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de salvamento e socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos e fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras ou outros medios ou indicacións.

Recoméndase que as persoas que padezan algún tipo de dificultade funcional ou enfermidade, para as que o baño poida constituír algún risco, que poñan esta circunstancia en coñecemento dos servizos de salvamento e socorrismo para os efectos de que adopten, no seu caso, e de ser posible, as medidas pertinentes.

Artigo 20.

A prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo desenvolverase pola entidade adxudicataria consonte os medios humanos e técnicos que formule na memoria, plan ou documento elaborado e que achegue para eses fins, debidamente aprobado polo Concello.

Artigo 21.

a) O Concello instalará as torres que considere necesarias a fin de vixiar adecuadamente o contorno das zonas de baño.

Nestas torres ou postos de salvamento, instalaranse mastis de sinalización que izarán as bandeiras necesarias de acordo ao establecido nesta ordenanza.

Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella.

b) Os que vulneren a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou persoal de salvamento, deixarán de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo de que vire parte de denuncia, en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

Dependendo das necesidades e posibilidades na prestación do servizo poderase dispor a utilización de vehículos: embarcacións e motos acuáticas de rescate, vehículos de loxística e apoio.

Artigo 22.

As funcións deste servizo circunscribíense ás zonas balizadas para o baño ou sinalizadas mediante bandeiras.

Artigo 23.

No caso da existencia de rachas de vento, a fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de salvamento e socorrismo, poderá ordenar o peche de todo tipo de parasois, cadeiras, hamacas, etc.

Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto no chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación.

Artigo 24.

Queda prohibida a presenza de animais na praia dentro da tempada de baño. En todo caso fora da devandita tempada, a presenza de animais nas praias estará suxeita ao cumprimento das condicións de seguridade, hixiénico-sanitarias e de convivencia cidadá establecidas na presente ordenanza e na lexislación específica que resulte de aplicación.

En calquera caso, o propietario é responsable das actuacións que o animal realice, e dos prexuízos que ocasione ás persoas, cousas e ao medio en xeral, con relación ao sancionado na presente ordenanza e no non previsto na mesma, o establecido nas disposicións vixentes nesta materia.

Artigo 25.

As persoas que leven cans e outros animais deberán impedir que realicen os seus deposicións na praia.

En calquera caso, quen leve o animal está obrigado a recoller e retirar os excrementos e a limpar a parte da vía pública á que afecte.

Artigo 26.

Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen.

Así mesmo, permítese a presenza de cans de asistencia (aqueles adestrados para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade, debendo estar debidamente acreditados e identificados) en compañía da persoa á que sirvan, sen prexuízo da responsabilidade do seu posuidor ou propietario nin das medidas que deba adoptar para evitar molestias ou riscos ao resto dos usuarios.

Artigo 27.

Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, prohíbese a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns, excepto entre as 21 e as 9 horas ambas inclusive, para evitar os danos que os aparellos utilizados poidan causar ao resto dos usuarios.

No entanto, calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido, quedará supeditada á ausencia de usuarios na praia.

En casos excepcionais, tales como feiras, concursos, etc. poderá autorizarse a práctica da pesca, debendo respectar os participantes os lugares, horarios e condicións que estableza a autorización do organismo competente.

Artigo 28.

En orde á protección e seguridade dos usuarios da praia, non se permite:

- a) A entrada e saída ao mar desde a praia aos pescadores submarinos co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou doutros instrumentos de pesca submarina que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.
- b) A manipulación en terra de calquera instrumento de pesca que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.

Artigo 29.

Prohíbese expresamente o uso privativo das praias.

Prohíbese en toda a extensión da praia, incluíndo a zona de dunas, o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, de dous ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal, e expresamente as motos e os quads. Exímense de devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados para as persoas con dificultade funcional, así como a utilización na auga do mar dos deseñados especialmente para tal fin.

Artigo 30.

A prohibición á que se refire o artigo anterior non será de aplicación a aqueles vehículos que con carácter diario, proceden á limpeza, mantemento e vixilancia das praias, tales como motos, tractores e máquinas limpa-praias.

Os referidos vehículos non poderán quedar estacionados na praia ou zona de baño, debendo retirarse unha vez terminada a actuación que motivou o seu acceso á referida praia ou zona de baño.

Artigo 31.

Prohíbese durante todo o ano, a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo nas nosas praias por razóns de protección dos espazos de interés natural paisaxístico ou cultural. Para unha mellor utilización e goce da nosa praia, só se permitirán parasois totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras e mesas de complemento, que non poderán quedar instalados sen a presenza de algunha persoa ao seu cargo.

Os empregados municipais ou a policía local poderán retirar os elementos instalados irregularmente, e depositalos en dependencias municipais, que poderán ser devoltos aos seus donos con independencia da sanción que, de ser o caso, proceda impoñer.

En calquera caso, os actos de ocupación deberán dispor de autorización expresa da autoridade competente.

Artigo 32.

